



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 316
5 de maio de 2022

CSV: BOPGDSPG-ig6p6GoNw-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 34322)

[124583](#)

— Do G. P. Popular de Galicia (doc. Núm. 34327)

[124601](#)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 34348)

[124604](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación sen modificacións

■ 33686 (11/PNC-003063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central para reclamar que axilice a tramitación da norma que permita a creación e efectiva entrada en funcionamento de novas unidades xudiciais en Galicia con cargo á programación de 2022

[124570](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 30473 (11/PNC-002731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios

[124571](#)

■ 32895 (11/PNC-002972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para modificar o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta no relativo ao acceso dos avogados á quenda especial de violencia de xénero

[124571](#)



COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**Aprobación sen modificacións****I 33038 (11/PNC-002987)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en favor dun desenvolvemento eólico ordenado, compatible coa protección do medio ambiente e impulsor de riqueza e emprego

[124572](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 32243 (11/PNC-002888)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do espírito inspirador da Proposición de lei de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto, que se tramita no Congreso dos Deputados

[124573](#)

I 33887 (11/PNC-003080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe leva a cabo a Xunta de Galicia para promover unha candidatura para albergar a futura sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial

[124573](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**Rexeitamento da iniciativa****I 32472 (11/PNC-002914)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais

[124574](#)

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**Aprobación sen modificacións****I 33625 (11/PNC-003053)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que determinados buques poidan ser beneficiarios da rebaixa dos vinte céntimos no prezo do combustible

[124574](#)



Aprobación por unanimidade con modificacións

I 25321 (11/PNC-002376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas xerados entre bateeiros e percebeiros pola extracción de mexilla

[124575](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 33501 (11/PNC-003041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

[124576](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 32613 (11/PNC-002936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da activación dun plan de axudas específicas para o sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar-industria ante o incremento dos prezos do gasóleo e das materias primas

[124576](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 34006 (11/PRE-010626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto do incremento do número de persoal nos equipos de valoración de dependencia

[124617](#)

I 34016 (11/PRE-010627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o tratamento e a atención ás mulleres con endometriose no Sistema público de saúde

[124620](#)

I 34024 (11/PRE-010628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en marcha unha nova escola infantil na antiga Escola Unitaria de Atios, no municipio do Porriño [124622](#)

I 34047 (11/PRE-010629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de ofertar a materia de Xeografía e Historia de Galicia como materia optativa de libre configuración autonómica en 2º de bacharelato [124625](#)

I 34055 (11/PRE-010630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento e desenvolvemento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia [124628](#)

I 34058 (11/PRE-010631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da colaboración económica coa Banda Sinfónica Galega para que participe no World Music Contest de Kerkrade [124631](#)

I 34063 (11/PRE-010632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os estragos provocados no cruceiro do Carracedo, situado na barrio de Elviña, da Coruña [124633](#)

I 34091 (11/PRE-010633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a supresión dunha hora lectiva da materia de Lingua Galega e Literatura en 1º de educación secundaria obrigatoria [124636](#)

I 34094 (11/PRE-010634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a nula ou escasa presenza do galego no Son do Camiño e no Morriña Fest [124639](#)

I 34102 (11/PRE-010635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre o reacondicionamento da beirarrúa da ponte romana en Ourense [124642](#)

I 34110 (11/PRE-010636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana



Sobre os concellos beneficiados polas subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero e o importe da subvención para cada un deles [124644](#)

I 34112 (11/PRE-010637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o fomento da mobilidade sostible coa construción dunha senda entre os puntos quilométricos 11,890 e 12,810 da OU-536 nas Vendas, no concello de Esgos [124645](#)

I 34125 (11/PRE-010638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galicia [124648](#)

I 34132 (11/PRE-010639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de cara á reformulación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade [124653](#)

I 34140 (11/PRE-010640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a postura da Consellería de Sanidade respecto de afrontar melloras para aumentar a calidade asistencial en atención primaria para o concello de Ordes [124657](#)

I 34142 (11/PRE-010641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas festas da Pascua 2022 en Padrón [124660](#)

I 34157 (11/PRE-010642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a decisión da Xunta de Galicia de situar a factoría de Altri no concello de Palas de Rei [124663](#)

I 34162 (11/PRE-010643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da colaboración co Concello de Oroso na mellora da estación depuradora de augas residuais de Sigüeiro [124666](#)

I 34167 (11/PRE-010644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a baixa execución da partida orzamentaria 432B, de fomento das actividades culturais

[124668](#)

I 34178 (11/PRE-010646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o número de polígonos agroforestais postos en marcha ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

[124670](#)

I 34184 (11/PRE-010647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras e dos prazos de execución no antigo Hospital do Rebullón, en Mos, para convertelo nun centro de saúde, nunha residencia para maiores, nun centro de coidados intermedios e nunha escola infantil

[124673](#)

I 34192 (11/PRE-010648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para poñer o Val de Lemos nas condicións de regadío precisas para convertelo nunha zona produtora de cereal

[124675](#)

I 34196 (11/PRE-010649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta da execución e dos resultados das axudas ao alugueiro a menores de 35 anos en 2021

[124678](#)

I 34201 (11/PRE-010650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas directas ao sector agrario e gandeiro

[124682](#)

I 34218 (11/PRE-010651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social

[124686](#)

I 34224 (11/PRE-010652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a posta en marcha da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

[124690](#)



I 34233 (11/PRE-010653)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo do Parlamento de Galicia sobre a flexibilización da normativa sobre pesca recreativa nos portos

[124694](#)**I 34237 (11/PRE-010654)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre a oferta e formación de lingua e cultura galegas para os emigrantes

[124696](#)**I 34240 (11/PRE-010655)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre a información presentada polo Concello de Meis á Xunta de Galicia en relación coas parcelas para construír o novo centro de saúde

[124699](#)**I 34245 (11/PRE-010656)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto da retirada das máscaras nos centros de ensino e da elaboración dun programa de axuda ao alumnado que está a ter dificultades para descubrir o seu rostro

[124702](#)**I 34251 (11/PRE-010657)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para facer efectivas as medidas previstas nas resolucións aprobadas pola Comisión parlamentaria de Sanidade, Política Social e Emprego para a loita contra a endometriose

[124705](#)**I 34259 (11/PRE-010658)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis**

Sobre a desaparición da materia Igualdade de Xénero da oferta educativa galega

[124710](#)**I 34261 (11/PRE-010659)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o anuncio de execución dunha pasarela que atravesará a ría do Burgo entre os concellos da Coruña e Oleiros

[124713](#)**I 34269 (11/PRE-010660)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas que se deben tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

[124717](#)

I 34275 (11/PRE-010661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia respecto da destrución da construción derrubada nas obras do centro de día do concello de Outeiro de Rei [124721](#)

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión**Admisión da solicitude, asignación a unha comisión e publicación do acordo****I 29822 (11/PRE-010182)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o mecanismo que vai utilizar a Xunta de Galicia para cuantificar a demanda do bacharelato de Artes no municipio de Redondela [124581](#)

1.4.5. Respostas a preguntas**Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación****I 34019 - 30754 (11/PRE-010270)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Presas Bergantiños, Noa

Sobre os contratos de arrendamento de inmobles subscritos pola Xunta de Galicia na cidade de Ourense para albergar dependencias administrativas [124724](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 3 de maio de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 34322)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. Núm. 34327)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 34348)

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 4 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 33686 (11/PNC-003063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis



Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central para reclamar que axilice a tramitación da norma que permita a creación e efectiva entrada en funcionamento de novas unidades xudiciais en Galicia con cargo á programación de 2022

BOPG nº 309, do 20.04.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para reclamar que o Ministerio de Xustiza axilice a tramitación da norma ministerial que permita a creación e efectiva entrada en funcionamento de novas unidades xudiciais en Galicia con cargo á programación 2022, atendendo aos termos da proposta acordada pola Comisión Mixta para contribuír á axilización da actividade xudicial en Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 30473 (11/PNC-002731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios

BOPG nº 281, do 23.02.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 32895 (11/PNC-002972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para modificar o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta no relativo ao acceso dos avogados á quenda especial de violencia de xénero

BOPG nº 300, do 30.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 4 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:



Aprobación sen modificacións

- 33038 (11/PNC-002987)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en favor dun desenvolvemento eólico ordenado, compatible coa protección do medio ambiente e impulsor de riqueza e emprego

BOPG nº 300, do 30.03.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 5 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a avanzar na política enerxética impulsada nos últimos anos, consolidando e reforzando as medidas adoptadas en favor dun desenvolvemento eólico ordenado, compatible coa protección do medio ambiente e impulsor de riqueza e emprego, nomeadamente as seguintes:

1. Asegurar a vixencia do Plan Eólico de Galicia como un instrumento específico de ordenación territorial que está a permitir racionalizar o aproveitamento desta enerxía renovable e maximizar o valor engadido deste investimento sobre o tecido industrial e social da Comunidade Autónoma. Un plan que define unha área de desenvolvemento concreta e que, xunto á prohibición de implantar parques eólicos en espazos da Rede Natura, garanten que o 77,5 % do territorio galego estea exento de eólicos.

2. Reiterar a distancia dos aeroxeradores con respecto aos núcleos rurais, urbanos ou urbanizables, pasando dos 500 metros actuais a 5 veces a altura do aeroxerador, para os novos proxectos.

3. Manter ata o 30 de xuño de 2023 a moratoria para novos proxectos co obxecto de xestionar coas máximas garantías os 275 expedientes de tramitación autonómica existentes, a excepción daqueles que posúan unha función vertebradora e estruturante no territorio.

4. Reforzar a transparencia, achegando información aos concellos, á cidadanía e ao resto de entidades interesadas, a través da guía divulgativa sobre a tramitación dun proxecto eólico, a rede de información provincial e a oficina para os propietarios dos terreos sobre a normativa aplicable para a clasificación e cualificación do solo, así como os métodos e os criterios de valoración.

5. Impulsar unha modificación lexislativa para os efectos de dar prioridade na tramitación aos proxectos eólicos en Galicia que destinen o 50 % da enerxía que produzan á industria asentada en Galicia a través de contratos a longo prazo do prezo da enerxía.

6. Solicitar ao Goberno do Estado:

a) O cumprimento do marco legal que se ten establecido en Galicia no exercicio das competencias autonómicas, con motivo da tramitación dos proxectos eólicos de máis de 50 MW de potencia, fa-



cendo decaer aqueles expedientes que non cumpran coa normativa galega e teñan sido informados negativamente pola Xunta de Galicia.

b) A sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Xunta de Galicia para coordinar o desenvolvemento eólico na territorio galego, especialmente para efectos de analizar antes da información pública o cumprimento da normativa da Comunidade Autónoma.

c) Establecemento de figuras de priorización na tramitación dos proxectos que sexan da súa competencia en favor daqueles que estean vencellados á consolidación da industria e emprego no territorio, do mesmo xeito que se ten feito na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

d) Evitar volver a considerar o canon eólico como un suplemento territorial, na medida que se trata dun tributo medioambiental dirixido a compensar o impacto no territorio.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 32243 (11/PNC-002888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do espírito inspirador da Proposición de lei de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto, que se tramita no Congreso dos Deputados

BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución instar o Congreso dos Deputados e Deputadas a que respecte o espírito da proposta remitida polo Parlamento vasco e que a norma que finalmente resulte aprobada non desvirtúe o texto inicial, procurando o máximo consenso posible co fin de lograr a pronta reparación das vítimas e das súas familias.»

- 33887 (11/PNC-003080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe leva a cabo a Xunta de Galicia para promover unha candidatura para albergar a futura sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial

BOPG nº 312, do 27.04.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Impulsar as actuacións necesarias para promover que a Comunidade Autónoma de Galicia presente unha candidatura para albergar a futura sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial.

2º. Establecer os mecanismos que faciliten o apoio de todo o ecosistema de ciencia e tecnoloxía co obxectivo de favorecer a candidatura de Galicia.

3º. Dirixirse ao Goberno de España para que comunique canto antes á Xunta de Galicia os requisitos de competencia, primando a transparencia e a equidade.»

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 29 de abril de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 32472 (11/PNC-002914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais

BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 3 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 33625 (11/PNC-003053)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Egerique Mosquera, Teresa e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que determinados buques poidan ser beneficiarios da rebaixa dos vinte céntimos no prezo do combustible

BOPG nº 307, do 13.04.2022

Sométese a votación separada por puntos:

Puntos 1 e 3: resultan aprobados pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: resulta aprobado por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º. Que se habiliten as medidas pertinentes para que os buques galegos e españois que faenen en augas internacionais ou fóra da Zona Económica Exclusiva (ZEE) española poidan ser beneficiarios da rebaixa dos 20 céntimos cando boten combustible en portos estranxeiros coa mediación ou intervención directa de operadores loxísticos ou subministradores españois de hidrocarburos.

2. Que, unha vez cumprida a anterior medida, tamén sexa de aplicación esta rebaixa no combustible aos buques que fagan con habitualidade descargas e aprovisionamento en Galicia.

3º. Que se articulen medidas efectivas para que esta bonificación no prezo do combustible non sexa de aplicación a buques que, baixo bandeira de conveniencia ou con estándares sociais, económicos ou ambientais inferiores aos da UE, poidan repoñer combustible en portos españois.

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 25321 (11/PNC-002376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas xerados entre bateiros e percebeiros pola extracción de mexilla

BOPG nº 236, do 01.12.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o cumprimento dos acordos adoptados nas diferentes mesas de diálogo abertas cos sectores implicados, bilateral ou multilateralmente.

2. Entregar na Cámara galega copia dos informes e documentos científicos nos que se basea a decisión da Consellería de restrinxir a extracción de mexilla nas costas galegas, así como dunha pro-



posta de avaliación das medidas que permita establecer criterios técnicos para as decisións a seguir sobre limitacións ou aperturas.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 33501 (11/PNC-003041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

BOPG n.º 307, do 13.04.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Impulsar e liderar as reunións coas confrarías da ría e coas outras administracións con competencias na ría de Ferrol.
2. Impulsar e asumir o custo da elaboración do informe ou estudos precisos para determinar as causas da caída da produción marisqueira na ría de Ferrol, tendo especial preocupación polo coñecemento da situación dos fondos mariños para os efectos produtivos, das correntes, ou dos efectos de decisións tomadas pola propia Consellaría como a introdución de especies foráneas, a baixa do tamaño comercial, ou a sobreexplotación dos bancos
3. Encargar á Estación de Bioloxía Mariña da Graña, pertencente á USC, a realización destes ou calquera outro informe sobre a situación da ría de Ferrol.»

Rexeitamento da iniciativa

- 32613 (11/PNC-002936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da activación dun plan de axudas específicas para o sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar-industria ante o incremento dos prezos do gasóleo e das materias primas

BOPG n.º 300, do 30.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 34006 (11/PRE-010626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto do incremento do número de persoal nos equipos de valoración de dependencia

- 34016 (11/PRE-010627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o tratamento e a atención ás mulleres con endometriose no Sistema público de saúde

- 34024 (11/PRE-010628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en marcha unha nova escola infantil na antiga Escola Unitaria de Atios, no municipio do Porriño

- 34047 (11/PRE-010629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de ofertar a materia de Xeografía e Historia de Galicia como materia optativa de libre configuración autonómica en 2º de bacharelato

- 34055 (11/PRE-010630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento e desenvolvemento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

- 34058 (11/PRE-010631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da colaboración económica coa Banda Sinfónica Galega para que participe no World Music Contest de Kerkrade

- 34063 (11/PRE-010632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os estragos provocados no cruceiro do Carracedo, situado na barrio de Elviña, da Coruña



- 34091 (11/PRE-010633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a supresión dunha hora lectiva da materia de Lingua Galega e Literatura en 1º de educación secundaria obrigatoria

- 34094 (11/PRE-010634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a nula ou escasa presenza do galego no Son do Camiño e no Morriña Fest

- 34102 (11/PRE-010635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre o reacondicionamento da beirarrúa da ponte romana en Ourense

- 34110 (11/PRE-010636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os concellos beneficiados polas subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero e o importe da subvención para cada un deles

- 34112 (11/PRE-010637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o fomento da mobilidade sostible coa construción dunha senda entre os puntos quilométricos 11,890 e 12,810 da OU-536 nas Vendas, no concello de Esgos

- 34125 (11/PRE-010638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galicia

- 34132 (11/PRE-010639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de cara á reformulación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade

- 34140 (11/PRE-010640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a postura da Consellería de Sanidade respecto de afrontar melloras para aumentar a calidade asistencial en atención primaria para o concello de Ordes



- 34142 (11/PRE-010641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas festas da Pascua 2022 en Padrón

- 34157 (11/PRE-010642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a decisión da Xunta de Galicia de situar a factoría de Altri no concello de Palas de Rei

- 34162 (11/PRE-010643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da colaboración co Concello de Oroso na mellora da estación depuradora de augas residuais de Sigüeiro

- 34167 (11/PRE-010644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a baixa execución da partida orzamentaria 432B, de fomento das actividades culturais

- 34178 (11/PRE-010646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o número de polígonos agroforestais postos en marcha ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

- 34184 (11/PRE-010647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras e dos prazos de execución no antigo Hospital do Rebullón, en Mos, para convertelo nun centro de saúde, nunha residencia para maiores, nun centro de coidados intermedios e nunha escola infantil

- 34192 (11/PRE-010648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para poñer o Val de Lemos nas condicións de regadío precisas para convertelo nunha zona produtora de cereal

- 34196 (11/PRE-010649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta da execución e dos resultados das axudas ao alugueiro a menores de 35 anos en 2021



- 34201 (11/PRE-010650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas directas ao sector agrario e gandeiro

- 34218 (11/PRE-010651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social

- 34224 (11/PRE-010652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a posta en marcha da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

- 34233 (11/PRE-010653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo do Parlamento de Galicia sobre a flexibilización da normativa sobre pesca recreativa nos portos

- 34237 (11/PRE-010654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a oferta e formación de lingua e cultura galegas para os emigrantes

- 34240 (11/PRE-010655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a información presentada polo Concello de Meis á Xunta de Galicia en relación coas parcelas para construír o novo centro de saúde

- 34245 (11/PRE-010656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto da retirada das máscaras nos centros de ensino e da elaboración dun programa de axuda ao alumnado que está a ter dificultades para descubrir o seu rostro

- 34251 (11/PRE-010657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis



Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para facer efectivas as medidas previstas nas resolucións aprobadas pola Comisión parlamentaria de Sanidade, Política Social e Emprego para a loita contra a endometriose

- 34259 (11/PRE-010658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre a desaparición da materia Igualdade de Xénero da oferta educativa galega

- 34261 (11/PRE-010659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o anuncio de execución dunha pasarela que atravesará a ría do Burgo entre os concellos da Coruña e Oleiros

- 34269 (11/PRE-010660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que se deben tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

- 34275 (11/PRE-010661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia respecto da destrución da construción derrubada nas obras do centro de día do concello de Outeiro de Rei

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude, asignación a unha comisión e publicación do acordo

- 29822 (11/PRE-010182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o mecanismo que vai utilizar a Xunta de Galicia para cuantificar a demanda do bacharelato de Artes no municipio de Redondela

BOPG n.º 278, do 17.02.2022

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 34210, en pregunta con resposta oral na Comisión 4.ª, Educación e Cultura.

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 34019 - 30754 (11/PRE-010270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Presas Bergantiños, Noa
Sobre os contratos de arrendamento de inmobles subscritos pola Xunta de Galicia na cidade de
Ourense para albergar dependencias administrativas
BOPG nº 283, do 25.02.2022

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2022
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MELLORA DA
XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA (NUM. EXPE. 11/PL-000013).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substituir o texto do artigo 1 polo seguinte:

"A presente lei ten por obxecto o establecemento do marco normativo que regule a xestión dos sistemas e infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración por parte das entidades locais e a administración hidráulica de Galiza."

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Substituir o texto do artigo 2 polo seguinte:

"1. Esta lei é de aplicación para a administración autonómica e as entidades locais, en canto administracións con competencias en materia hidráulica e, nomeadamente, na xestión dos sistemas e infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración.

2. A administración autonómica desenvolverá regulamentariamente a función das entidades xestoras das traídas veciñais de abastecemento de augas. Entretanto, non lle serán de aplicación das disposicións contidas nesta lei."

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 3

No artigo 3 substituír a expresión: "ciclo integral da auga", pola seguinte: "sistemas de abastecemento, saneamento e depuración".



Emenda nº4, ao apartado 1.I, de Supresión. Artigo 3

No apartado 1 do artigo 3 suprimir a letra I).

Emenda nº5, ao apartado 1.q bis), de Adición. Artigo 3

No apartado 1 do artigo 3 engadir unha nova letra q bis) co seguinte texto:

"q bis) Plan xeral galego de abastecemento: planificación de carácter xeral que ten como finalidade garantir o abastecemento de toda a poboación galega e que debe conter os criterios para a coordinación coas entidades locais así como o marco xeral de financiamento das obras e das actuacións contidas no plan."

Emenda nº6, ao apartado 1.q ter), de Adición. Artigo 3

No apartado 1 do artigo 3 engadir unha nova letra q ter) co seguinte texto:

"q ter) Plan xeral galego de saneamento: planificación de carácter xeral que ten como finalidade establecer os criterios xerais e os obxectivos de calidade, regular os principios xerais polos que se deben rexer os servizos de saneamento e depuración, e definir o marco xeral de financiamento das obras e das actuacións incluídas no plan."

Emenda nº7, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 4 polo seguinte:

"2. En concreto, a lei persegue os seguintes obxectivos concretos:

a) A protección e conservación dos recursos hídricos e das masas de augas, con especial atención aos ecosistemas naturais e ao medio urbano.



- b) O desenvolvemento dun modelo de xestión do ciclo da auga adaptado á realidade galega, coa conseguente adaptación dos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración.
- c) O fomento da nova cultura e do uso sustentábel da auga.
- d) A mellora da eficiencia na xestión do ciclo da auga, mediante a modernización e automatización dos sistemas, a xestión integrada e profesionalizada, a eficiencia enerxética, o aforro e redución do consumo, e a reutilización das augas da chuva e das augas depuradas.
- e) O desenvolvemento de mecanismos de sensibilización para fomentar o uso racional dos recursos hídricos.
- f) A mellora dos sistemas de drenaxe urbana e das redes de saneamento co obxecto de corrixir o mal funcionamento das estacións depuradoras e previr a contaminación.
- g) O desenvolvemento científico-tecnolóxico para mellorar o funcionamento dos sistemas, a boa calidade das augas, a protección do medio e da saúde humana.
- h) O desenvolvemento de mecanismos de lealdade institucional e cooperación entre as administracións con competencias no sistema abastecemento-saneamento-depuración, o establecemento de instrumentos de colaboración para o financiamento das actuacións necesarias, e o desenvolvemento do pacto da auga.
- i) A participación da sociedade na xestión integral da auga mediante consellos para o uso sustentábel da auga."

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 5

No texto do artigo 5 substituír a expresión: "ciclo integral da auga", pola seguinte: "sistemas de abastecemento, saneamento e depuración".

Emenda nº9, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 5

Substituír o texto da letra c) do apartado 1 do artigo 5 polo seguinte:

"c) A suxeición da xestión da auga á planificación hidrolóxica e á planificación xeral en materia de abastecemento, saneamento e depuración. En consecuencia, os plans e medidas contempladas nesta lei terán vixencia unha vez que se aprobe a citada planificación."



Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

No apartado 1 do artigo 6 substituír a expresión: “Administración hidráulica de Galicia”, pola seguinte: “administración autonómica”.

Emenda nº11, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 6

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 6 polo seguinte:

"2. Logo da aprobación do Plan xeral galego de saneamento, a administración autonómica desenvolverá regulamentariamente unha proposta de aglomeracións urbanas nas que se organiza o territorio galego para os efectos da xestión dos sistemas de saneamento e depuración."

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 7

Suprimir o artigo 7.

Emenda nº13, de Modificación. Artigo 8

No texto do artigo 8 substituír a expresión: “ciclo integral da auga”, pola seguinte: “sistemas de abastecemento, saneamento e depuración”.

Emenda nº14, de Substitución. Artigo 9

Substituír o texto do artigo 9 polo seguinte:

"As modificacións das aglomeracións urbanas de Galiza previstas no artigo 6 ateranse ao establecido na proposta de aglomeracións urbanas nas que se organiza o territorio galego para os efectos da xestión dos sistemas de saneamento e



depuración, elaboradas logo da aprobación do Plan xeral galego de saneamento."

Emenda nº15, ao apartado 2, de Adición. Artigo 10

No apartado 2 do artigo 10 engadir in fine:

"Este programa de acción será obxecto de consulta e de presentación de alegacións por parte dos concellos afectados."

Emenda nº16, ao apartado 3, de Adición. Artigo 10

No apartado 3 do artigo 10 engadir in fine:

"O programa de acción incluírá un plan para o financiamento por parte de diferentes administracións."

Emenda nº17, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 10

Suprimir o apartado 4 do artigo 10.

Emenda nº18, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 11

No apartado 2 do artigo 11 substituír o último parágrafo polo seguinte texto:

"Os plans de control anual dos vertidos ás redes de colectores aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a aprobación da proposta de aglomeracións urbanas. Inclúiran os prazos para a execución das medidas previstas, por períodos de cinco anos, e un plan de financiamento das actuacións coa colaboración das diferentes administracións."



Emenda nº19, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 11

No apartado 4 do artigo 11 substituír o texto: “No prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei”, polo seguinte: “ No prazo máximo de dous anos desde a aprobación das aglomeracións urbanas”.

Emenda nº20, ao apartado 5, de Adición. Artigo 11

Engadir ao final do apartado 5 do artigo 11 o seguinte texto:

"E un plan de construción e financiamento deste tipo infraestruturas verdes e baseadas na natureza, dacordo co establecido no Plan xeral galego de saneamento."

Emenda nº21, ao apartado 7 bis), de Adición. Artigo 11

No artigo 11 engadir un novo punto 7 bis) co seguinte texto:

"7 bis) Os prazos previstos nos apartados 5 e 6 do presente artigo terán validez sempre e cando se aproben as aglomeracións urbanas no calendario previsto. De non ser así, a administración hidráulica poderá ampliar os prazos."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 12

Substituír o apartado 1 do artigo 12 polo seguinte texto:

"Os plans de redución de entradas de augas brancas ás redes de colectores aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a aprobación do plan xeral galego de saneamento, que incluírá as directrices para a optimización da xestión das augas brancas e augas pluviais e unha previsión de cofinanciamento das actuacións."

Emenda nº23, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 14



Substituir no apartado 2 do artigo 14 o texto: “Os plans de optimización da eficiencia enerxética aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a publicación das directrices indicadas no seguinte apartado”, polo seguinte:

“Os plans de optimización da eficiencia enerxética aprobaranse no prazo máximo de 2 anos desde a aprobación do plan xeral galego de saneamento, que incluíra as directrices para a mellora enerxética das instalacións de abastecemento, saneamento e depuración.”

Emenda nº24, de Adición. Artigo 14 bis)

Engadir un novo artigo 14 bis) co seguinte texto:

"Artigo 14 bis) Medidas para a conservación e protección dos recursos hídricos, o aforro e a reutilización.

A administración hidráulica de Galiza desenvolverá plans territoriais de protección e conservación das augas superficiais e subterráneas, de redución do consumo da auga, e de reutilización das augas da chuvia e das augas depuradas, aliñados cos principios da nova cultura da auga."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 14 ter)

Engadir un novo artigo 14 ter) co seguinte texto:

"Artigo 14 ter) Medidas de investigación e innovación tecnolóxica.

A administración hidráulica de Galiza desenvolverá un plan de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico para mellorar o funcionamento dos sistemas de depuración, desenvolver solucións eficientes, sustentábeis e adaptadas á xeografía galega, de redución do consumo de enerxía nas estacións de potabilización, nos sistemas de bombeo e nas estacións depuradoras, e de reutilización in situ dos lodos resultantes da depuración para a produción de enerxía."



Emenda nº26, de Adición. Artigo 14 quater)

Engadir un novo artigo 14 quater) co seguinte texto:

"Artigo 14 quater) Medidas de vixilancia en materia de saúde pública.

A administración hidráulica de Galiza, en colaboración co departamento de sanidade, promoverá e financiará plans de análise das augas residuais para a vixilancia epidemiolóxica e doutros ámbitos relacionados coa saúde pública."

Emenda nº27, de Modificación. Artigo 16

No texto do artigo 16 substituír a expresión: "ciclo integral da auga", pola seguinte: "de abastecemento, saneamento e depuración".

Emenda nº28, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 16

No artigo 16 engadir un novo apartado 3 bis) co seguinte texto:

"3 bis) As administracións públicas responsabeis dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración desenvolverán programas para acadar unha xestión circular dos recursos hídricos."

Emenda nº29, ao apartado 3 ter), de Adición. Artigo 16

No artigo 16 engadir un novo apartado 3 ter) co seguinte texto:

"3 ter) As administracións públicas responsábeis dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración promoverán a creación de órganos de participación social en relación co uso sustentábel e a xestión circular da auga."

Emenda nº30, ao apartado 3 quater), de Adición. Artigo 16



No artigo 16 engadir un novo apartado 3 quater) co seguinte texto:

"3 quater) As administracións públicas promoverán estudos sobre fórmulas para a xestión pública directa dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración das augas."

Emenda nº31, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 17

Suprimir no apartado 2 do artigo 17 o texto que vai despois de: "poboación inferior de 20.000 habitantes".

Emenda nº32, ao apartado 1, de Adición. Artigo 18

No artigo 18 engadir no final do apartado 1 o seguinte texto:

"Estas previsións deberán ter en conta a capacidade financeira dos concellos, a mellora do seu sistema de financiamento e a flexibilidade de prazos para poder adaptarse a un contexto de graves dificultades económicas, que tamén lle afecta de xeito directo ás persoas e ás empresas."

Emenda nº33, ao apartado 2.f bis), de Adición. Artigo 19

No apartado 2 do artigo 19 engadir unha nova letra f bis) co seguinte texto:

"f bis) Cando non se desenvolvan programas de prevención, protección conservación dos recursos e outras medidas relacionadas coa nova cultura da auga como programas de eficiencia, aforro, redución do consumo e reutilización."

Emenda nº34, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 19



No apartado 3 do artigo 19 substituír o texto: “Augas de Galicia poderá realizar por si mesma as actuacións que considere precisas”, por: “Augas de Galicia poderá acordar coas entidades titulares dos servizos a realización das actuacións que consideren precisas”.

Emenda nº35, de Modificación. Artigo 20

No artigo 20 substituír a expresión: “ciclo integral da auga”, pola seguinte: “sistema de abastecemento, saneamento e depuración”.

Emenda nº36, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 21

Suprimir o apartado 5 do artigo 21.

Emenda nº37, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 22

Suprimir o apartado 2 do artigo 22.

Emenda nº38, de Supresión. Artigo 23

Suprimir o artigo 23.

Emenda nº39, de Supresión. Artigo 24

No artigo 24 suprimir o segundo paragrafo do apartado 1.

Emenda nº40, ao apartado 2.d bis), de Adición. Artigo 24

No apartado 2 do artigo 24 engadir unha nova letra d bis) co seguinte texto:



"d bis) Un plan de financiamento dos investimentos, coas achegas previstas das diferentes administracións."

Emenda nº41, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 25

Na letra b) do apartado 1 do artigo 25, suprimir o texto: "sempre que non exista un interese excepcional na súa xestión autonómica declarado nos termos establecidos na presente lei".

Emenda nº42, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 25

No apartado 3 do artigo 25 substituír a expresión: "no prazo de un mes", por: "no prazo máximo de tres meses".

Emenda nº43, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 25

No punto 5 do artigo 25 suprimir o texto que vai a continuación de: "que formalicen o convenio".

Emenda nº44, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 25

Suprimir o apartado 8 do artigo 25.

Emenda nº45, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 26

No apartado 2 do artigo 26 suprimir o segundo parágrafo, desde "Con carácter xeral" até o final.

Emenda nº46, de Modificación. Artigo 27

No artigo 27 substituír o texto: "xestión do ciclo integral da auga", por: "xestión do sistema de abastecemento, saneamento e depuración".



Emenda nº47, de Supresión. TÍTULO III

Suprimir o TÍTULO III na súa totalidade (artigos 28 a 80).

Emenda nº48, de Adición. Disposición adicional quinta

Engadir unha nova disposición adicional quinta co seguinte texto:

"Disposición adicional quinta. Aprobación do plan xeral galego de abastecemento.

No prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor desta lei, a administración autonómica aprobará o plan xeral galego de abastecemento, instrumento de planificación de carácter xeral que ten como finalidade garantir o abastecemento de toda a poboación galega e que debe conter os criterios para a coordinación coas entidades locais así como o marco xeral de financiamento das obras e das actuacións contidas no plan."

Emenda nº49, de Adición. Disposición adicional sexta

Engadir unha nova disposición adicional sexta co seguinte texto:

"Disposición adicional sexta. Plans locais de abastecemento.

No prazo máximo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei, a administración autonómica promoverá a elaboración de plans locais de abastecemento."

Emenda nº50, de Adición. Disposición adicional sétima

Engadir unha nova disposición adicional sétima co seguinte texto:

"Disposición adicional sétima. Aprobación do plan xeral galego de saneamento.



No prazo de un ano desde a entrada en vigor desta lei, a administración autonómica aprobará o plan xeral galego de saneamento, instrumento de planificación de carácter xeral que ten como finalidade establecer os criterios xerais e os obxectivos de calidade, regular os principios xerais polos que se deben rexer os servizos de saneamento e depuración, e definir o marco xeral de financiamento das obras e das actuacións incluídas no plan."

Emenda nº51, de Adición. Disposición adicional oitava

Engadir unha nova disposición adicional oitava co seguinte texto:

"Disposición adicional oitava. Pacto local da auga.
No prazo de un ano desde a entrada en vigor desta lei, a administración autonómica impulsará a aprobación do Pacto local da auga, que deberá determinar os criterios de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas e establecer unha estrutura tarifaria de referencia."

Emenda nº52, de Adición. Disposición adicional novena

Engadir una nova disposición adicional novena co seguinte texto:

"Disposición adicional novena. Estructura tarifaria e recuperación de custes.
Os ingresos das tarifas que se establezan ao abeiro do Pacto local da auga servirán para recuperar custes, asumir a mellora e ampliación das infraestruturas, desenvolver medidas de protección, prevención, eficiencia e aforro aliñadas coa nova cultura da auga e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel, e garantir o equilibrio financeiro da prestación dos servizos."

Emenda nº53, de Adición. Disposición adicional décima



Engadir unha nova disposición adicional décima co seguinte texto:

"Disposición adicional décima. Reinvestimento do canon da auga.

Unha parte da recadación do canon da auga, estimada como mínimo no 50%, deberá ser reinvestido pola administración hidráulica na mellora das infraestruturas hidráulicas municipais."

Emenda nº54, de Adición. Disposición adicional undécima

Engadir unha nova disposición adicional undécima co seguinte texto:

"Disposición adicional undécima. Fomento da nova cultura da auga.

No marco do plan de educación e acción ambiental, a administración autonómica desenvolverá programas de información sobre a nova cultura da auga, de sensibilización sobre o carácter limitado dos recursos hídricos e sobre a importancia das medidas de redución do consumo, aforro e reutilización."

Emenda nº55, de Adición. Disposición adicional duodécima

Engadir unha nova disposición adicional duodécima co seguinte texto:

"Disposición adicional duodécima. Consello para o uso sustentábel da auga.

No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, a administración autonómica creará e constituirá o Consello para o uso sustentábel da auga, órgano de consulta e asesoramento da administración en relación co ciclo da auga."

Emenda nº56, de Adición. Disposición adicional décimo terceira



Engadir unha nova disposición adicional décimo terceira co seguinte texto:

"Disposición adicional décimo terceira. Centro de investigación e innovación sobre a xestión sustentábel da auga.

A administración hidráulica galega promoverá, en colaboración co sistema universitario galego, a creación dun Centro de investigación sobre a xestión sustentábel da auga. Serán liñas prioritarias deste centro de investigación os principios da nova cultura da auga, a repercusión do cambio climático na disponibilidad de auga, a protección e conservación dos recursos hídricos, a redución do consumo de auga, o aforro enerxético e a xestión eficiente dos recursos, a dixitalización dos sistemas de xestión, a reutilización das augas depuradas e das augas da chuvia, as solucións baseadas na natureza, e a prevención en materia de saúde pública."

Emenda nº57, de Adición. Disposición adicional décimo cuarta

Engadir unha nova disposición adicional décimo cuarta co seguinte texto:

"Disposición adicional décimo cuarta. Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga.

No prazo máximo de dous anos, a administración hidráulica autonómica elaborará un estudo para a creación dun Consorcio para a xestión mancomunada do ciclo urbano da auga, coa participación da Xunta, das entidades locais e da administración central."

Emenda nº58, de Adición. Disposición adicional décimo quinta

Engadir unha nova disposición adicional décimo quinta co seguinte texto:

"Disposición adicional décimo quinta. Modelo de depuración e reutilización de augas residuais para núcleos dispersos.

No prazo máximo de un ano, a administración hidráulica autonómica desenvolverá un modelo de referencia para a depuración e a reutilización das augas residuais para núcleos



dispersos, con propostas de actuación centradas nas solucións baseadas na natureza."

Emenda nº59, de Adición. Disposición adicional décimo sexta

Engadir unha nova disposición adicional décimo sexta co seguinte texto:

"Disposición adicional décimo sexta. Plan formativo e Manual de boas prácticas en xestión do ciclo da auga.
No prazo de un ano desde a entrada en vigor desta lei, a administración hidráulica galega presentará un plan formativo anual dirixido a persoal técnico e un manual de boas prácticas en xestión sustentábel do ciclo da auga."

Emenda nº60, de Adición. Disposición adicional décimo sétima

Engadir unha nova disposición adicional décimo sétima co seguinte texto:

"Disposición adicional décimo sétima. Plan de mellora de traídas de auga veciñais.
A administración hidráulica galega desenvolverá un plan quinquenal para a mellora e modernización das traídas de augas veciñais con liñas de actuación en materia de protección de recursos, eficiencia das redes, automatización, aforro no consumo de auga, formación e sensibilización. Para tal fin o goberno galego procurará a colaboración de todas as demais administracións, e aprobará un orzamento específico, con recursos propios, fondos estatais e fondos europeos."

Emenda nº61, de Adición. Disposición adicional décimo oitava

Engadir unha nova disposición adicional décimo oitava co seguinte texto:

"Disposición adicional décimo oitava. Plan de protección de recursos hídricos.



A administración hidráulica galega desenvolverá un plan de protección das masas de auga superficiais e subterráneas. Este plan incluírá medidas para a protección dos humidais, con especial atención os hábitats de interese prioritario, dos ríos e das rías.

En relación cos humidais, procederase á ampliación e actualización do rexistro galego de humidais e dos humidais Ramsar.

En relación cos ríos, a administración galega presentará no prazo de un ano unha proposta de declaración de reservas naturais fluviais.

En relación coas rías, a administración galega coordinará a impulsará un programa de investigación, rexeneración e mellora da calidade das rías galegas."

Emenda nº62, de Adición. Disposición adicional décimo novena

Engadir unha nova disposición adicional décimo novena co seguinte texto:

"Disposición adicional décimo novena. Estratexia galega da auga 2030.

O goberno galego abrirá un proceso participativo para a elaboración e aprobación da Estratexia galega da auga 2030, entendida como instrumento xeral de coordinación dos plans, das medidas e dos medios económicos para conseguir os máis altos estándares en canto a disponibilide e calidade dos recursos hídricos."

Emenda nº63, de Adición. Disposición adicional vixésima

Engadir unha nova disposición adicional vixésima co seguinte texto:

"Disposición adicional vixésima. Competencias sobre bacías hidrográficas.

O goberno galego negociará co goberno central a asunción plena das competencias, ou de maneira transitoria a coordinación e a xestión, de todas as bacías hidrográficas situadas na maior parte en territorio galego."





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2022 13:57:52
Nº Rexistro: 34322
Data envío: 29/04/2022 13:57:52.312

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/04/2022 13:57:25

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2022 13:57:36



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO
INTEGRAL DA AUGA (NUM. EXPE. 11/PL-000013).**

Emenda nº1, de Substitución. Disposición transitoria cuarta

Substituír a disposición transitoria 4ª que queda redactada como segue:

"1. En tanto que o Consello da Xunta de Galicia non faga uso das facultades regulamentarias que lle outorga esta lei aplicárase, no relativo ao canon de xestión das depuradoras e ao canon de xestión das redes de colectores, a regulación establecida para o coeficiente de vertedura polo Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, en todo o que non se opoña a esta lei, así como a Orde do 26 de xuño de 2012 pola que se aproban os modelos de declaración e autoliquidación do canon da auga e do coeficiente de vertedura creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Para tal efecto, as referencias ao coeficiente de vertedura nas citadas normas débense entender referidas, segundo corresponda, ao canon de xestión das depuradoras e ao canon de xestión das redes de colectores.

2. Para a determinación nos usos urbanos do canon da xestión de depuradoras e do canon de xestión de colectores, e mentres non se dite o regulamento ao que se fai referencia no número anterior, a toma de mostras e a medición do volume no punto ou puntos de control realizarase de acordo co que a tal fin se estableza no convenio de colaboración ao que fai referencia o artigo 25.

Non obstante, durante o período ao que fai referencia o primeiro parágrafo do número 3 da disposición transitoria primeira, Augas de Galicia procederá a levar a cabo os controis de volumes e á realización das tomas de mostra no punto ou puntos de control ou, no caso de non estar determinados, na entrada á depuradora co obxecto de determinar o canon de xestión de depuradoras nos usos urbanos da auga. No caso de



que sexa realizada máis dunha toma de mostra mensual, o valor que se considerará aos efectos de determinar o coeficiente de contaminación establecido no artigo 46 será o valor promedio para cada parámetro analizado, considerándose como valor 0 aqueles resultados que estean por debaixo do límite de detección.

3. Augas de Galicia liquidará con carácter cuatrimestral o canon de xestión de depuradoras cando no correspondente cuatrimestre o volume mensual contabilizado na entrada da depuradora sexa superior ao volume mensual ordinario de dita depuradora ou cando a concentración mensual dalgún dos parámetros analizados na entrada da depuradora sexa superior á concentración base establecida no artigo 46. Neste suposto a base liquidable cuatrimestral para cada unha das partes variables da cota do canon ás que se fai referencia no número 1 do artigo 46 será a suma das bases liquidables mensuais, determinadas de acordo co sinalado nos artigos 38 e 39, nas que se produza o exceso de volume ou concentración indicado, segundo corresponda.

4. Augas de Galicia liquidará con carácter cuatrimestral o canon de xestión de redes de colectores cando no correspondente cuatrimestre o volume mensual contabilizado na entrada das instalacións de depuración sexa superior ao volume mensual ordinario. Neste suposto a base liquidable cuatrimestral será a suma das bases liquidables mensuais, determinadas de acordo co sinalado no artigo 56, nas que se produza o exceso de volume.”

Emenda nº2, de Adición. Disposición derradeira cuarta

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, queda modificada como segue:

“Un. Modifícanse o apartado 5 do artigo 24, que quedan redactados do seguinte xeito:

<<5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. No caso das redes de abastecemento de auga e saneamento, esta conexión só será esixible cando se trate de redes públicas, autorizadas e coa capacidade de servizo suficiente.





De non existiren redes de servizo ou de non esixirse a conexión con elas segundo o sinalado no parágrafo anterior, o servizo deberá resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando a rede se implante.>>"

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/04/2022 14:14:41



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MELLORA DA
XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA (NUM. EXPE. 11/PL-000013).**

Emenda nº1, ao apartado 2.a) bis), de Adición. Artigo 4

No punto 2 deste artigo, débese engadir *ab initio*, despois de: "...persegue: " una nova letra a) bis, que terá o seguinte contido:

"a) bis. Garantir o abastecemento de auga potable a toda a poboación do territorio da comunidade autónoma de Galicia."

Emenda nº2, ao apartado 2.f), de Adición. Artigo 4

Na letra g) do punto 2 deste artigo, débese engadir logo de: "...instrumentos de cooperación ..." a seguinte expresión: "...acordados .."

Emenda nº3, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 5

Na letra c) do punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...a través dun plan estratéxico acordado con todas as administracións implicadas."

Emenda nº4, ao apartado 1.e), de Adición. Artigo 5

Na letra e), punto 1, deste artigo, débese engadir logo de: "...corresponsabilidade e do cofinanciamento ..." a seguinte frase: "..., en función da súa capacidade económica, ..."

Emenda nº5, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 5



Na letra f), punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "... en función da capacidade económica de cada administración."

Emenda nº6, ao apartado 4, de Adición. Artigo 5

Débese crear un novo punto 4 neste artigo, que terá o seguinte contido:

"4. As actuacións das administracións públicas, no marco da xestión do ciclo integral da auga, deberán atender ao principio de transparencia e bo goberno, de acordo coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno."

Emenda nº7, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

No punto 3 deste artigo, logo de: "... das administracións públicas titulares das infraestruturas ...", débese engadir o seguinte: "... e da deputación provincial correspondente ..."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

No punto 1 deste artigo, débese engadir, logo de: "... a Administración hidráulica de Galicia fixará, ..." a seguinte frase: "..., previa audiencia dos concellos e deputacións afectadas, ..."

Emenda nº9, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

No punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... Unha vez oídas as suxestións das administracións públicas responsables dos servizos, daráselle resposta a estas no prazo dun mes, procurando alcanzar acordos de consenso."

Emenda nº10, ao apartado 5, de Adición. Artigo 6



No punto 5 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...que será publicado na páxina *web* deste organismo para o seu coñecemento."

Emenda nº11, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 7

Na letra b), do punto 1 deste artigo, débese engadir logo de: "...representativo dos municipios ...", a seguinte frase: "... o acordado entre as administracións afectadas ..."

Emenda nº12, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 7

Na letra b), punto 1 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...; ou á deputación provincial correspondente ou unha mancomunidade, que inclúa aos concellos afectados, se a houber."

Emenda nº13, ao apartado a), de Supresión. Artigo 8

Débese engadir uha nova letra a) bis, que terá o seguinte contido:

"a) bis. As que estean incluídas no Inventario de bens e dereitos da administración pública que corresponda."

Emenda nº14, de Adición. Artigo 10

Débese crear un novo punto 5 neste artigo, que terá o seguinte contido:

"5. O resultado dos controis, así como o programa de acción, se o houber, deberán estar publicados na páxina *web* de Augas de Galicia, da administración responsable do servizo e na do concello ou concellos aos que afectaren."

Emenda nº15, ao apartado 1, de Adición. Artigo 11



Logo do primeiro parágrafo do punto 1, débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

"Estas administracións promoverán sistemas de xestión que reduzan os consumos de enerxía ou produtos lesivos para o medio ambiente, favorecendo os sistemas de depuración con medios naturais e vexetais adecuados."

Emenda nº16, ao apartado 2, de Adición. Artigo 11

No punto 2 deste artigo, segundo parágrafo, débese engadir logo de: "... desenvolverá unhas directrices, ..." o seguinte texto: "... no prazo máximo de seis meses desde a aprobación desta lei, ..."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Adición. Artigo 11

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte parágrafo:

"As directrices elaboradas por Augas de Galicia, así como os plans de control anuais de verteduras e os plans de revisión deberán estar a dispor da cidadanía a través da súa publicación na páxina *web* de Augas de Galicia e do concello ou concellos afectados."

Emenda nº18, ao apartado 3, de Adición. Artigo 11

No punto 3 deste artigo, logo de: "... . De transcorrer ese prazo sen que fose emitido ...", débense engadir as seguintes palabras: "... entenderase como positivo e ..."

Emenda nº19, ao apartado 4, de Adición. Artigo 11

No punto 4 deste artigo, débese engadir *in fine*, no segundo parágrafo, o seguinte texto: "... e estudaranse outras posibilidades tendo en conta o contido desta lei."



Emenda nº20, ao apartado 8, de Adición. Artigo 11

Débese crear un novo punto 8, que terá o seguinte contido:

"8 O financiamento das obras necesarias derivadas do cumprimento do contido deste artigo consensuarase con todas as administracións afectadas explorando todas as vías de financiamento dispoñibles para estes fins."

Emenda nº21, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

No punto 1 deste artigo, logo de: "... . Estes plans aprobaranos as administracións públicas responsables dos servizos ...", débese engadir a seguinte frase: "... axustándose ao Plan estratéxico contemplado no artigo 5.c) desta lei. ..."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

No primeiro parágrafo do punto 1, débese engadir *in fine* a seguinte frase:

"..., previa audiencia e co consenso das administracións implicadas."

Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

No punto 2 deste artigo, logo de: "... desenvolverá unhas directrices ..." débese engadir a seguinte frase: "..., no prazo máximo de seis meses desde a aprobación desta lei, ..."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

No punto 2 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... en concordancia ao Plan estratéxico contemplado no artigo 5.c)."



Emenda nº25, ao apartado 3, de Adición. Artigo 12

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"As directrices ditadas por Augas de Galicia e o plan de redución de entradas de augas brancas nas redes de saneamento deberanse publicar na páxina *web* de Augas de Galicia e no concello ou concellos afectados."

Emenda nº26, ao apartado 1, de Adición. Artigo 13

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

" O programa de revisión das instalacións deberá estar publicado na páxina *web* da administración titular das infraestruturas de abastecemento e na do concello ou concellos afectados."

Emenda nº27, ao apartado 3, de Adición. Artigo 13

Débese crear un novo punto 3 neste artigo, que terá o seguinte contido:

"O financiamento das obras necesarias derivadas do cumprimento do contido deste artigo consensuarase con todas as administracións afectadas explorando todas as vías de financiamento dispoñibles para estes fins."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Adición. Artigo 14

No punto 1 deste artigo, logo de: "... optimización da eficiencia enerxética, ...", débese engadir a seguinte frase: " ... previsto no Plan estratéxico reflectido no artigo 5.c). ..."



Emenda nº29, ao apartado 3, de Adición. Artigo 14

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... no prazo máximo de seis meses desde a aprobación desta lei."

Emenda nº30, ao apartado 5, de Adición. Artigo 14

Débese crear un novo punto 5 neste artigo, que terá o seguinte contido:

"5. Na elaboración das directrices para a mellora enerxética das instalacións de abastecemento, saneamento e depuración en Galicia, o plan de optimización da eficiencia enerxética; así como o calendario de revisións deberá dársele audiencia á deputación provincial correspondente."

Emenda nº31, ao apartado 6, de Adición. Artigo 14

Débese crear un novo punto 6, que terá o seguinte contido:

"6. As directrices para a mellora enerxética das instalacións de abastecemento, saneamento e depuración en Galicia, o plan de optimización da eficiencia enerxética, así como o calendario de revisións deberán ser publicados na páxina *web* de Augas de Galicia e na do concello ou concellos afectados."

Emenda nº32, ao apartado 1, de Adición. Artigo 16

No punto 1 deste artigo débese engadir, logo de: "... dos seguintes obxectivos xerais ...", o seguinte texto: "... en concordancia co disposto no Plan estratéxico contido no artigo 5.c) e nas directrices elaboradas por Augas de Galicia: "

Emenda nº33, ao apartado 1.e), de Adición. Artigo 16



Débase engadir unha nova letra e), no punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"e) Avaliar o impacto económico que vai ter sobre as persoas consumidoras."

Emenda nº34, de Adición. Artigo 16

Débase engadir un novo punto 4 neste artigo, que terá o seguinte contido:

"4. A entidade Augas de Galicia establecerá campañas de información e sensibilización dirixidas a toda a poboación para fomentar o uso responsable da auga e a protección dos recursos hídricos."

Emenda nº35, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

Débase crear un novo punto 3 neste artigo, que terá o seguinte contido:

"3. Sen prexuízo da acción de coordinación que promova cada deputación provincial, os concellos deberán solicitar un informe á deputación correspondente en todas as actuacións que se refiran ás infraestruturas, formas de xestión dos servizos, outorgamento de novos contratos ou modificación dos existentes, e imposición e modificación de taxas ou prestacións patrimoniais de carácter público."

Emenda nº36, de Adición. Artigo 20 bis)

Débase crear un novo artigo 20 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 20 bis. Contratación dos servizos de abastecemento de auga con Augas de Galicia.

1. Cando Augas de Galicia preste o servizo de abastecemento de auga en alta, as empresas que consuman máis de 25.000 m3/ano poderán, previo acordo entre as administracións implicadas, contratar directamente con Augas de Galicia o



subministro do abastecemento de auga, á mesma tarifa aplicable á Administración local.

2. As obras necesarias para a conexión directa co sistema de abastecemento “En Alta”, unha vez aprobadas por Augas de Galicia, serán por conta da empresa interesada, que asumirá tamén os custes de operación e o seu mantemento.

3. A solicitude de acceso e conexión directa á “rede de Alta” realizarase a través do concello respectivo, quen velará por supervisar e facer seguimento anual de que a conexión directa do gran consumidor non afecta á prestación do servizo público de abastecemento de auga “en Baixa” da rede municipal e recibirá unha retribución anual equivalente ao 10 % da que factura Augas de Galicia ao gran consumidor e será aboada por el na primeira quincena de xaneiro do ano seguinte.

4. O interesado deberá resolver sen recorrer á expropiación da servidume de paso en terreos privados para a condución da conexión ata o punto de acceso determinado por Augas de Galicia.

5. Pola súa parte, o concello correspondente poderá autorizar o descender da condución de conexión baixo o dominio público das vías municipais e a súa zona de servidume. O procedemento e as condicións técnicas e económicas para o acceso e conexión do gran consumidor á rede “en Alta” de Augas de Galicia, definiranse regulamentariamente."

Emenda nº37, ao apartado 1, de Adición. Artigo 21

Débase engadir *in fine* no segundo parágrafo do punto 1 deste artigo, o seguinte texto:

".... no marco dun convenio tipo consensuado coa Fegamp para que as administracións interesadas se poidan adherir, no que se establecerán todos os termos da xestión, mantemento, financiamento; así como da recuperación do servizo por parte da administración responsable, se for o caso."

Emenda nº38, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 21

No punto 3 deste artigo, débese suprimir ao final a seguinte frase: "... logo da liquidación de todas as obrigas e compromisos pendentes coa Administración hidráulica de Galicia."



Emenda nº39, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 26

Propónse una nova redacción para o segundo parágrafo do punto 2 deste artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"Con carácter xeral, no caso dos concellos de menos de vinte mil habitantes, agás que concorran causas debidamente xustificadas, as entidades competentes participarán no financiamento destas actuacións segundo un plan de financiamento acordado entre as administracións afectadas que terá en conta a autonomía e capacidade económica de cada unha delas e se buscarán fórmulas para poder participar todas as vías de financiamento dispoñibles para estes fins."

Emenda nº40, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 26

No punto 2 deste artigo débense suprimir os tres apartados que comezan por: "- Un terzo"

Emenda nº41, ao apartado 1, de Adición. Artigo 28

No punto 1 deste artigo, logo de: "... adhesión voluntaria das entidades locais. ...", débese engadir o seguinte: "... segundo o Plan estratéxico previsto no artigo 5 c) desta lei. ..."

Emenda nº42, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 33

No punto 4 deste artigo, primeira liña, onde di: "4. Son persoas responsables solidarias: ", debe dicir: "4. Son persoas responsables subsidiarias:"

Emenda nº43, ao apartado 2.a) bis), de Adición. Artigo 34

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra a) bis, que terá o seguinte contido.



"a) bis. Os usos nas instalacións de servizos públicos municipais xestionados directamente polo concello titular."

Emenda nº44, ao apartado 2.c), de Modificación. Artigo 34

Proponse unha nova redacción para o último parágrafo da letra c), onde di: "... . A exención terá efectos a partir do primeiro día natural do terceiro mes seguinte ao da súa acreditación, ou ben no seguinte período de liquidación, no caso de captacións propias.", debe dicir: "... . A exención terá efectos a partir do día seguinte da xustificación da dita situación."

Emenda nº45, ao apartado 2, de Adición. Artigo 36

No punto 2 deste artigo, logo de: "... captacións propias ...", débese engadir: "... que sexan usuarias do servizo de depuración de augas residuais, ..."

Emenda nº46, de Adición. Artigo 43

Logo de: "... que acrediten formalmente tal condición ...", débese engadir a seguinte frase: "... e que os seus ingresos non superen o IPREM, ..."

Emenda nº47, de Modificación. Artigo 43

Onde di: "... . A dedución terá efectos a partir do primeiro día natural do terceiro mes seguinte á súa acreditación, ou ben no seguinte período de liquidación no caso de captacións propias.", debe dicir: "... . A dedución terá efectos a partir do día seguinte da xustificación das condicións establecidas para a exención."

Emenda nº48, ao apartado 6, de Adición. Artigo 45



No punto 6 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e que estará publicado na páxina *web* de Augas de Galicia, así como na do concello ou concellos afectados."

Emenda nº49, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 51

No punto 4 deste artigo, onde di: "4. Son persoas responsables solidarias: ", debe dicir: "4. Son persoas responsables subsidiarias: "

Emenda nº50, ao apartado 2.b), de Modificación. Artigo 52

Na letra b), punto 2 deste artigo, onde di: "... . A exención terá efectos a partir do primeiro día natural do terceiro mes seguinte ao da súa acreditación, ou ben no seguinte período de liquidación, no caso de captacións propias.", debe dicir: "... . A exención terá efectos a partir do día seguinte da xustificación da dita situación."

Emenda nº51, ao apartado 2.c) bis), de Adición. Artigo 52

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra c), que terá o seguinte contido:

"c) Os usos destinados á xestión directa en instalacións de servizos públicos municipais."

Emenda nº52, de Adición. Artigo 60

Logo de: "... formalmente tal condición ...", débese engadir: "... e que os seus ingresos sexan inferiores ao IPREM, ..."

Emenda nº53, de Modificación. Artigo 60

Onde di: "... . A dedución terá efectos a partir do primeiro día natural do terceiro mes seguinte á súa acreditación, ou ben no seguinte período de liquidación no caso de captacións



propias.", debe dicir: "... . A dedución terá efectos a partir do día seguinte da xustificación das condicións establecidas."

Emenda nº54, de Adición. Artigo 78

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"..., que estará xustificado polo correspondente estudo de costes, que se publicará na páxina *web* de Augas de Galicia e cando sexa o dito organismo o encargado da prestación do servizo. No caso en que sexa outra administración a encargada de prestar o servizo, o tipo de gravame aplicable establecerase en función do estudo de costes elaborado para o caso que deberá ser publicado na páxina *web* da administración que preste o servizo."

Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/04/2022
17:26:02**



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A pandemia da Covid-19 fixo translúcidos problemas de base en canto ao modelo de coidados en Galicia. En concreto a chamada Lei de Dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a lei permite.

Ademais nun recente estudo constatouse unha vez máis que Galicia é das CCAA que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España.

Datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socio económica motivada pola pandemia e na actualidade marcada pola invasión de Rusia en Ucraína. En concreto o XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais pon de manifesto que Galicia é unha das CCAA que peor posición ocupa de toda España na escala de valoración de dito Observatorio Estatal para a Dependencia.

Fai máis dun ano a Consellería de Política Social anunciaba un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia na provincia de Ourense, e tempo despois anunciaba medidas para toda Galicia. Sería importante coñecer se existiu un incremento de persoal nos equipos de valoración de dependencia e resolución de PIA, e o número exacto de traballadores adicionais. Hai que ter en conta que ao deixar de facer as valoracións de xeito presencial, feito que aconteceu trala pandemia e demorouse no tempo, polo menos ata outubro de 2021, pódese intuír un aumento na axilidade das resolucións, pero en detrimento da propia calidade das valoracións. Por iso é importante que a cidadanía coñeza con exactitude se a Consellería investiu en persoal para saber se os resultados varían a consecuencia de dita inversión ou polo efecto das valoracións telefónicas.

A consellería anunciou dito plan de choque en dependencia enmarcado no Estatal para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto especificando:



- Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes. Deseñando un único procedemento do recoñecemento de dependencia así como o Programa Individual de Atención.
- Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas, segundo a Consellería de Política Social.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal é a inversión para lograr reducir as listas de espera, e se aumentaron o número de técnicos dos equipos de valoración e de resolución de expedientes, e o número exacto. A propia conselleira afirmou que incrementarían o persoal, polo que é urxente un informe detallado do mesmo.

Hai que ter en conta que Galicia é beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do goberno de España.

Ademais é fundamental que a Xunta de Galicia aclare por que existen 9.298 solicitudes que non figuran en ningún tipo de estatística por non estar gravadas no sistema, segundo o citado informe do XXII Observatorio de Dependencia Estatal.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Considera necesario a Consellería de Política Social aumentar o persoal nos EVD?
- 2.ª) Incrementouse o persoal en dependencia? De ser así, cantos profesionais adicionais?
- 3.ª) En que investiron ou investirán os recursos do “Plan de Choque de la Dependencia” do goberno de España?
- 4.ª) Que medidas ou recursos van a investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos que establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia?
- 5.ª) Cal é o motivo polo que case 10.000 solicitudes non están dentro de ningunha estatística por atoparse sen gravar no sistema?



6.^a) Cales son as listas de espera por cada provincia e por cada servizo ou libranza, incluíndo as solicitudes sen gravar no sistema?

Pazo do Parlamento, 21 de abril de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/04/2022 09:23:51

Julio Torrado Quintela na data 22/04/2022 09:24:00



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O 22 de abril de 2015 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade de todos os grupos parlamentarios unha iniciativa sobre a mellora e avances no tratamento e atención a mulleres con endometriose.

Aquel acordo promovía diversas accións que comprometían unha liña de acción implicada coa difusión desta enfermidade, a apertura de maiores posibilidades e accesibilidade ao tratamento, así como elevaban a relevancia que a esta afectación se lle outorgaría dentro do sistema público de saúde de Galicia. A realidade é que 7 anos a avaliación do cumprimento por parte do goberno da Xunta de Galicia é a todas luces insuficiente, e non reflicte a relevancia que inicialmente foi demandada polo Parlamento.

Seguen a atoparse retrasos diagnósticos ante esta doenza, froito dalgúns incumprimentos como o compromiso adquirido da difusión da “Guía de coidados” do Ministerio de Sanidade, que unicamente está publicada na web do SERGAS pero nin sequera na súa actualización de 2019. Tampouco contou coa colaboración do goberno galego a elaboración de campañas para fomentar o coñecemento sobre a doenza en mulleres de idades máis novas, comprometidas por entón, sendo esta labor asumida de maneira plena e sen axuda polos colectivos de mulleres afectadas.

O Plan de Detección Precoz da Endometriose, comprometido para iniciarse nun prazo de 6 meses (naquel abril de 2015) non da sinais de presenza nin é unha realidade de facto, e a creación de unidades especializadas en cada área sanitaria non foi completada aínda, a pesares incluso de terse reducido as áreas sanitarias en Galicia das 11 existentes entón ás 7 actuais. Tampouco se ten promovido, dende o goberno de Galicia, ningunha iniciativa ou aposta por avances na investigación e coñecemento da enfermidade dentro do sistema público sanitario e investigador de Galicia, deixando as posibles melloras en mans de iniciativas privadas ou persoais dos profesionais da investigación en saúde.

Todos estes acordos, comprometidos entón no Parlamento, foron desbotados de maneira sucesiva pola dirección da Consellería de Sanidade, amosando un



desleixo e desinterese pola cuestión. Durante estes 7 anos, diversas iniciativas parlamentarias teñen formulado estas cuestións e alertado sobre o incumprimento, sendo insuficientes para que existisen explicacións ao respecto e sendo nalgúns casos rexeitadas polo grupo popular, que inicialmente apoiara os acordos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o goberno de Galicia incumpriu os acordos parlamentarios sobre melloras no tratamento e atención a mulleres con endometriose no sistema público de saúde de Galicia?
2. Que valor dá a Consellería de Sanidade aos acordos parlamentarios adoptados e como explica o incumprimento?
3. Cando estima a Consellería de Sanidade cumprir o completo das cuestións acordadas no Parlamento de Galicia en abril de 2015 sobre o tratamento e a atención ás mulleres con endometriose no sistema público de saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/04/2022 12:33:35

Marina Ortega Otero na data 22/04/2022 12:33:42



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nos últimos anos incrementouse de forma notable a demanda de prazas públicas nas escolas infantís. A conciliación familiar e laboral constitúe unha problemática na sociedade actual e un dos elementos fundamentais para facilitala é a oferta de prazas públicas.

A vila de Porriño posúe unha poboación total de 20.300 habitantes recoñecidos no censo de poboación do 2021 e un saldo vexetativo positivo de 35 habitantes. Este saldo vexetativo positivo explícase entre outros factores pola idade media da poboación 42,38 anos e pola taxa de natalidade bruta 9,47 nacementos por cada 1000 habitantes. Porriño é unha das vilas coa taxa de natalidade máis alta de Galicia. Neste contexto temos que salientar que as 487 prazas dedicadas a Educación Infantil no concello de Porriño pola Xunta de Galicia son insuficientes. Con estes datos a necesidade de máis prazas públicas de Educación Infantil en O Porriño é evidente.

Cabe tamén subliñar a ubicación das escolas infantís Galiña Azul que xa existen neste municipio, unha preto do centro de saúde, zona cunha densidade de poboación considerable e a outra na parroquia de Torneiros.

Por todas estas circunstancias, o Grupo Parlamentario Socialista propoñemos unha nova escola infantil na rehabilitada antiga Escola Unitaria de Atios, xa que diversificaría xeograficamente a oferta de prazas ó longo do termo municipal do Porriño e daría servizo a todos os porriñeses e porriñesas, especialmente os cativos e cativas de Atios e Budiño. Esta nova escola infantil facilitaría a conciliación laboral e familiar da veciñanza deste municipio.

O "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" está fundamentado en catro eixos: transformación ecolóxica, transformación dixital, cohesión territorial e social e igualdade de xénero. Estes catro eixos orientan as dez políticas panca que determinan a evolución do noso país. Unha desas dez políticas panca é "Educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de capacidades", que no seu



punto número 21 fala da creación de prazas no primeiro ciclo de educación infantil de titularidade pública co fin de reducir as desigualdades de acceso e participación asociados ao nivel socioeconómico da familia. Outro aspecto fundamental é o papel que os equipamentos de educación infantil xogan para facilitar a conciliación familiar e a incorporación ao mercado laboral.

O Consello de Ministros aprobou, o pasado mes de novembro, o reparto de 670,1 millóns de euros entre as comunidades autónomas para a creación de máis de 65.000 prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos. A Xunta de Galicia recibirá un total de 34.845.042 euros para a creación de 3.417 novas prazas de educación infantil entre os anos 2021 e 2023.

Ante a chegada a Galicia dos fondos aprobados polo Goberno de España, dentro do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", desde o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que sexa a Xunta de Galicia a que financie a través destes fondos a creación desta nova escola infantil en O Porriño.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Xunta de Galicia a poñer en marcha unha nova escola infantil na antiga Escola Unitaria de Atios no municipio de Porriño, cos fondos que recibirá o Executivo autonómico do Goberno de España para a creación en Galicia de 3.417 prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos?

Pazo do Parlamento, 22 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/04/2022 17:38:48

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2022 18:20:38
Nº Rexistro: 34024
Data envío: 22/04/2022 18:20:38,349

Marina Ortega Otero na data 22/04/2022 17:38:56

Julio Torrado Quintela na data 22/04/2022 17:39:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a supresión da materia *Xeografía e Historia de Galiza* como optativa de 2º de bacharelato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 22 de abril a Consellaría de Educación fixo público un documento de escasas 4 páxinas no que presentaba a estrutura dos currículos en Galiza.

Son varias as dúbidas que xorden dese documento e da falta de información ao respecto da elaboración e estrutura dos currículos por parte da Xunta.

Un dos aspectos que máis se está a cuestionar por parte da comunidade educativa é a desaparición da materia *Xeografía e Historia de Galiza* como optativa de libre configuración na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais de segundo de Bacharelato.

Esta materia tivo dende a súa implantación unha moi boa aceptación por parte do alumnado e dos centros; até o punto de ser unha das optativas de referencia en boa parte dos institutos do noso país. Mais lonxe de se promocionar, sufriu diferentes modificacións até convertela en dúas materias: *Patrimonio e Arte de Galicia* e *Xeografía e Historia de Galiza*, dividindo polo tanto as 4 horas que tiña nun principio en dúas materias de 2 horas semanais cada unha.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta nova medida do Partido Popular contra a aprendizaxe da nosa realidade histórica, territorial, cultural e identitaria supón un outro paso atrás para un modelo educativo que, unha vez máis, volve a estar de costas a realidade do noso país. Un paso atrás que se produce ao tempo que o Conselleiro de Educación anunciaba no Parlamento a súa intención de reforzar os contidos curriculares relacionados coa visión da historia de España máis centralizadora e negacionista da nosa realidade nacional.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai o goberno galego ofertar a materia de Xeografía e Historia de Galiza como materia optativa de libre configuración autonómica en segundo de Bacharelato?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2022 10:11:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 25/04/2022 10:11:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/04/2022 10:11:58



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A industria do libro galego constitúe o primeiro sector cultural do país, declarado estratéxico pola Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia, e que leva unha década sufrindo multitude de problemas con descenso notables de produción e tamén dos índices de lectura en Galicia.

A crise da pandemia incidiu agravando notablemente a súa situación, tal como puxeron de manifesto no seu día a Asociación Galega de Editoras (AGE), a Federación de Librerías de Galicia (AELG) e a Asociación de Escritores e Escritoras en Linga Galega (AELG). E a maiores, a esta crise hai que lle sumar na actualidade as consecuencias da invasión de Ucraína, que está a afectar de maneira moi preocupante o prezo do papel.

O sector do libro sufriu ademais nesta última década unha forte redución das axudas e subvencións públicas nas últimas lexislaturas, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o descenso de axudas a bibliotecas públicas e a falla de apoio ás librarías, entre outros asuntos.

O último barómetro ‘Hábitos de lectura e compra de libros 2021’, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España, reflicte unha realidade preocupante nos hábitos de lectura dos galegos e galegas. O informe segue demostrando que Galicia está por baixo da media estatal na porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (64,4 % media estatal, 61,9 % en Galicia), situándose entre as últimas comunidades autónomas, de maneira que o noso país está a case 15 puntos da comunidade con maior índice de lectores.

No documento de traballo do Consello da Cultura Galega (CCG) ‘O sector do libro galego perante a crise da covid-19’ apúntase unha situación semellante: o descenso no consumo privado de libros. As familias gastan moito menos en libros non de texto que antes de 2008 e cada vez menos. Apunta tamén o informe un descenso moi importante no gasto das adquisicións en bibliotecas e na dotación dos principais programas de fomento do libro e da lectura, que sufriron grandes recortes nos últimos anos, nalgúns casos con descensos de máis do 50 %.



Por outra banda, a lei 17/2006 establece na súa disposición adicional primeira que a Xunta de Galicia deberá presentar un plan de fomento da lectura no que, ademais de reflectir obxectivos e medidas, se determine unha periodización e o orzamento necesario para o seu desenvolvemento. Mais dezaseis anos despois Galicia segue sen contar con ese plan de dinamización da lectura a pesar dos múltiples anuncios do Goberno galego neste sentido.

A mesma lei determina no seu artigo 4 a elaboración, previa audiencia dos axentes do libro ou en colaboración con eles, plans e programas de actuación ademais de investigacións e estudos sobre os diversos aspectos que rodean o libro e a lectura para poder aplicar políticas eficaces. Mais dende a súa aprobación non se realizou ningún por parte do Goberno, fóra dos estudos que realizan as entidades do sector e que semellan non ser tidos en conta pola Xunta de Galicia.

Todo o exposto evidencia o desleixo, a despreocupación e a falla de apoio do actual Goberno galego para co sector do libro, e por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego o cumprimento e desenvolvemento que está a facer da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia?

2ª) Como valora a Xunta de Galicia a situación do sector editorial galego?

3ª) Ten previsto incrementar as axudas e subvencións destinadas ao sector editorial galego e en especial as destinadas ao apoio á publicación en lingua galega?

4ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos referidos a Galicia do barómetro 'Hábitos de lectura e compra de libros 2021', elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España?

5ª) Como valora que Galicia ocupe os últimos postos entre as comunidades autónomas en porcentaxe de lectores e lectoras?

6ª) Realizou a Xunta de Galicia algún estudo sobre a situación do sector do libro e os índices de lectura en Galicia, e nomeadamente do libro en galego?

7ª) Vai tomar a Xunta de Galicia algunha medida urxente para reverter esta situación e impulsar a lectura en xeral e en lingua galega en particular entre a cidadanía do noso país?



8ª) Cando ten previsto o Goberno galego aprobar o Plan de lectura ao que obriga a lei 17/2006?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 25/04/2022 11:33:48

Noelia Otero Lago na data 25/04/2022 11:34:06



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A tradición musical galega non se podería entender sen as bandas de música populares, algunhas das cales teñen xa case dous séculos de historia, sendo en moitos casos o maior referente social e cultural das nosas vilas.

Lonxe do que se poida pensar, estas agrupacións populares musicais gozan na actualidade de moi boa saúde a pesar dos escasos recursos cos que contan. De feito, están aparecendo novas formacións en concellos nos que non existía tal tradición.

Proba desa evolución positiva e da cada vez maior calidade da formación musical que reciben os músicos e músicas das bandas galegas é a súa presenza en prestixiosos conservatorios europeos e a consecución de prazas estables en destacadas orquestras sinfónicas de Europa e os Estados Unidos.

O prestixio das nosas bandas levou a que a Banda Sinfónica Galega recibise nestes tempos recentes o convite do certame máis importante do mundo, *o World Music Contest* de *Kerkrade* (Países Baixos), para participar nunha actividade paralela á competición dirixida a músicos e músicas menores de 30 anos en recoñecemento á súa calidade e traxectoria, que asistirán a unha semana de formación con directores e compositores de primeira liña internacional.

Mais a participación nese certame supón un custe que non son quen de soportar (só a viaxe dos arredor de 60 integrantes da banda supera os 35.000 euros) xa que a única fonte de ingresos son as subvencións que reciben en convocatorias públicas de concorrencia competitiva. De non ter ningún tipo de axuda pública, a súa asistencia pode correr perigo xa que a maior parte das persoas integrantes da banda son mozos e mozas menores de 22 anos que non poden correr cos gastos de viaxe e estancia durante unha semana nos Países Baixos.

É por isto que parece oportuno que a Xunta de Galicia colabore coa Federación de Bandas Populares de Galicia cunha achega suficiente para que a participación de Galicia nese certame sexa unha realidade e así mostremos ao mundo o talento musical que existe no noso país.



Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Valora o Goberno galego colaborar cunha achega económica suficiente que permita que a Banda Sinfónica Galega participe no *World Music Contest* de *Kerkrade*, oportunidade única para mostrar no ámbito internacional o enorme talento musical que existe nas bandas populares de Galicia?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 25/04/2022 11:34:47

Noelia Otero Lago na data 25/04/2022 11:35:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O do lugar do Carracedo é outro dos exemplos de núcleos de poboación desaparecidos no municipio da Coruña nas últimas décadas, engulidos por un deseño urbanístico que condena nomes como este do Carracedo a se manteren só na memoria daquelas persoas que un día viviron alí.

Coa desaparición de núcleos como este, sobre o que hoxe se asenta o actual barrio de Mato Grande, desapareceron tamén, en moitas ocasións de maneira irreversible, todo tipo de bens patrimoniais. No caso que nos ocupa, foi a veciñanza quen rescatou o cruceiro dos cascallos da antiga aldea, unha vez demolida, para o trasladar, nun admirábel exemplo de iniciativa comunitaria á marxe das institucións, ao emprazamento que tivo durante as últimas décadas: a praza hoxe denominada de Emilio Jaspe Deza, no lugar de San Vincenzo de Elviña.

A comezos de febreiro a veciñanza de Elviña descubriu, con desagradábel sorpresa, que o cruceiro do Carracedo aparecera danado. Estanse realizando obras de remodelación da praza desde hai meses, se ben a empresa responsábel das mesmas, preguntada pola veciñanza, asegurou que non tivo nada a ver cos desperfectos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez coñecidos estes danos, o Grupo Municipal do BNG tivo coñecemento do personamento no lugar da Restauradora Municipal para avaliar os mesmos e tamén dunha posterior reunión da asociación veciñal coa Concellaría de Infraestruturas, que se comprometeu á restauración do cruceiro danado, un elemento protexido no PXOM.

En resposta escrita ás preguntas do Grupo Municipal do BNG, o concello indica que este cruceiro conta cun proxecto de restauración pendente de autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento a Dirección Xeral de Patrimonio dos destrozos provocados no cruceiro do Carracedo situado no barrio de Elviña da Coruña?
- Informou o Concello da Coruña á Dirección Xeral de Patrimonio dos danos causados neste ben patrimonial? En caso afirmativo, cal foi a súa resposta?
- Conta este cruceiro con proxecto de restauración pendente de autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio? En que fase está? Cando vai autorizar a restauración? Que razóns xustifican a demora?
- Como está a velar a Dirección Xeral de Patrimonio por este ben patrimonial agora danado?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/04/2022 12:42:53

Daniel Castro García na data 25/04/2022 12:42:58

Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2022 12:43:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa á supresión dunha hora lectiva da materia de Lingua Galega e Literatura en 1º da ESO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 22 de abril a Consellaría de Educación fixo público un documento de escasas 4 páxinas no que presentaba a estrutura dos currículos en Galiza.

Son varias as dúbidas que xorden dese documento e da falta de información ao respecto da elaboración e estrutura dos currículos por parte da Xunta.

Entro outros, un dos aspectos que está a xerar máis rexeitamento na comunidade educativa é a supresión dunha hora lectiva da materia de Lingua Galega e Literatura no primeiro curso da ESO.

Esta materia que até o de agora tiña catro horas semanais pasará a ter unicamente 3 horas lectivas á semana; algo que resulta absolutamente inexplicable e máis se prestamos atención aos estudos e informes que organismos como a Real Academia Galega están a publicar nos últimos tempos a respecto do uso da lingua galega na mocidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a Lei de Normalización Lingüística establece que o alumnado galego debe rematar os seus estudos obrigatorios co mesmo nivel de competencia nas dúas linguas oficiais, mais tal e como están a reflectir a totalidade dos informes e estudos publicados, esta situación está moi lonxe de ser unha realidade.

Dende o BNG entendemos que dunha análise seria e rigorosa da realidade sociolingüística do noso país e do proceso de minorización da lingua galega que padecemos, non semella sensato restar horas á materia de lingua galega xusto no primeiro ano no que o alumnado galego entra en contacto con esta materia impartida por profesorado especialista do ensino secundario.

Por todo o sinalado formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Ten pensado o goberno galego impulsar algunha medida para manter cando menos as 4 horas lectivas semanais que viña tendo a materia de Lingua Galega e Literatura no primeiro curso da ESO?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 25/04/2022 16:26:54

Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2022 16:26:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/04/2022 16:27:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a nula ou escasa presenza do galego no Son do Camiño e no Morriña Fest.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como ben é sabido a Xunta de Galiza ten, na teoría, como un dos seus obxectivos principais o de promover, preservar e internacionalizar a cultura e a lingua galega. Para iso, a Xunta de Galiza ten múltiples eventos musicais, literarios e artísticos nos que pode levar a cabo esa función tan importante para o noso país, entre as cales podemos destacar o festival de música “O Son do camiño” ou o novo “Morriña Fest” na Coruña.

Estes festivais destacan pola cantidade de grupos e cantantes internacionais que se reúnen nos meses de xuño e xullo no Monte do Gozo ou na cidade da Coruña durante uns días nos que miles e miles de persoas acoden a gozar destes grandes espectáculos.

Alén disto, entre o público de ambos os dous festivais atópase unha grande cantidade de galegos e galegas, mais tamén persoas doutros territorios do Estado español e por suposto de demais Estados do resto do planeta. Ademais, a meirande parte das persoas que asisten ao festival son mozos e mozas en comparación co resto dos espectros de idade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto fai do “Son do Camiño” e do “Morriña Fest” unha magnífica oportunidade de presentar a lingua galega e os grupos galegos ante moitos dos mozos e mozas galegas que no seu día a día non teñen a oportunidade de escoitar música en galego nas plataformas principais. A isto temos que sumar a grande oportunidade que isto supón para que os grupos galegos poidan expoñer a súa música ante espectadores e espectadoras de todo o mundo.

Pola contra, tendo todo isto en conta vemos como a presenza da música en galego no caso do “Son do Camiño” é de soamente 3 ou 4 grupos dun total de 45, unhas cifras que consideramos que son inaceptables pola ínfima presenza e pola oportunidade perdida da que estamos a falar.

En canto ao “Morriña Fest” os datos son aínda peores, xa que o único contido en galego que se pode atopar está no nome do festival, debido a que ningún dos grupos canta en galego e a comunicación nas redes do festival realízase maioritariamente en español.

Tendo todo isto en conta, e sabendo que a Xunta de Galiza participa en ambos festivais con financiamento público, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son as razóns que explican a pouca presenza da lingua galega no festivais O Son do Camiño e o Morriña Fest?
- Considera a Xunta de Galiza que a presenza da lingua galega no festival O Son do Camiño ou no Morriña Fest é suficiente?
- Está disposta a Xunta de Galiza a garantir unha maior presenza da lingua galega nos festivais O Son do Camiño e Morriña Fest?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como pode explicar a Xunta de Galiza o feito de que financie dous festivais que, ou non contan con presenza do galego ou que a presenza da nosa lingua é mínima?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 25/04/2022 16:52:27

Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2022 16:52:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/04/2022 16:52:44



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Un dos monumentos máis visitados da cidade de Ourense, a Ponte Romana, leva catro anos afeada pola presenza dunha valla instalada, na parte do barrio da ponte, por razóns de seguridade por risco de derribo o ter o forxado que sostén a beirarrúa problemas estruturais.

O Grupo Municipal Socialista xa denunciou no ano 2020 a inacción da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para o reacondicionamento da beirarrúa desta ponte histórica, dificultando o acceso a veciños e comerciantes .

De feito a execución da segunda fase das obras de acondicionamento da Ponte anunciadas pola Xunta de Galicia non recollía ningunha actuación na beirarrúa, deixando un pegote a un lado dun ben de interese cultural e turístico.

As discrepancias pola titularidade entre Concello e Xunta de Galicia foron obxecto incluso de litixio entre ambas administracións, recaendo Sentencia no Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Ourense, que negou que a titularidade deste ben fora do Concello de Ourense. Con todo, o xuíz tampouco afirmaba que pertencera a Xunta de Galicia.

Todos estes avatares supuxeron que ningunha administración actuara durante todo este tempo para ofertar unha solución os veciños e veciñas e comerciantes que alí se ubican.

En resposta a unha pregunta formulada polo Grupo Municipal Socialista, o Goberno Municipal asegura que tras varias conversacións alcanzouse un acordo para que sexa a Xunta de Galicia a que asuma a reparación necesaria para adecentar a zona, integrando as obras pertinentes no proxecto que está preparando para a reforma integral da avenida das Caldas.

A reforma integral da avenida de As Caldas forma parte dun proxecto da Consellería de Infraestruturas de crear un itinerario peonil e ciclista de norte a sur da cidade.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a proceder o reacondicionamento da beirarrúa da Ponte Romana que se encontra valada do lado do barrio da Ponte dende fai catro anos, tal como indica o Concello de Ourense?
2. Será a Consellería de Infraestruturas a que acometa a obra? Que prazos e presuposto manexan?
3. Cal e a solución que atopou o Goberno galego tras catro anos de retraso na mesma?
4. Vaise incluír o reacondicionamento no proxecto da reforma integral da Avenida das Caldas?

Pazo do Parlamento, 25 de abril do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/04/2022 17:55:09

Marina Ortega Otero na data 25/04/2022 17:55:20

Noa Susana Díaz Varela na data 25/04/2022 17:55:30

Noelia Otero Lago na data 25/04/2022 17:55:42



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 5 de abril de 2022, a Secretaría Xeral da Igualdade resolvía o esgotamento do crédito da Resolución do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas.

Esta partida orzamentaria, cun crédito de 1.424.016 euros, finánciase con fondos finalistas do Estado, que os orzamentos xerais destinan ao desenvolvemento ou ampliación das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Por iso, a deputada que asina, solicita en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cales foron os concellos beneficiados por esta convocatoria?
- 2ª) Cal foi o importe da subvención para cada un dos concellos beneficiados por esta convocatoria?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 26/04/2022 11:35:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o fomento da mobilidade sostible coa construción dunha senda entre os pp.kk. 11,890 e 12810 da OU-536 en As Vendas no concello de Esgos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas ven anunciar a licitación do contrato para a construción conxunta de dúas sendas á beira da estrada autonómica OU-536, de Ourense a Trives. Concretamente as sendas cuxa construción se licita transcorren entre os pp.kk. 11,890 a 12.810, unha, e entre os pp.kk. 9,100 e 10.120, a outra.

As obras conxuntamente licitadas fináncianse nun 80% con fondos do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, sendo o obxectivo das actuacións o apoio ao desenvolvemento dun plan de mobilidade urbana e interurbana sostible, e concretado na construción das dúas sendas peonís e ciclistas.

Resulta rechamante que o treito priorizado para a construción dunha das escasas sendas a construír na comarca de Ourense, que abrangue os concellos de Ourense, San Cibrao, Paderne de Allariz, Coles, Vilamarín, Toen O Pereiro de Aguiar, Barbadás..., circule xusto á beira das vivendas da familia do Presidente da Deputación Provincial de Ourense, tanto do actual como do anterior; criterio este que non debe ser o determinante para a preferencia na construción destas sendas, senón que haberá analizarse as características da poboación, a existencia de focos de xeración de tráfico alternativos, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

articulación intermodal, a conectividade con redes xa a existentes, a sinistralidade no treito...

Tendo en conta as variábeis indicadas estableceuse unha prelación das de sendas peonís e ciclistas ía construír na comarca de Ourense, na que á que atinxe á familia Baltar ocupaba o posto núm.24, non obxectivándose razón algunha que permita priorizala fronte a outras que unían núcleos de poboación ou que circulaban por espazo periurbán.

Xa que logo ante a existencia de sendas nas que as necesidades ou circunstancias da poboación, do tránsito ou da perigosidade do treito son consideradas pola propia Xunta de Galiza como prioritaria, resulta necesario clarexar todo atisbo de nepotismo ou arbitrariedade na alteración da prelación realizada polos servizos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas..

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a razón de dar preferencia á construción da senda carón casa das familias Baltar con prioridade sobre as que determinan os informes técnicos?

. Quen fixo a proposta da construción da senda da OU-536 entre os pp.kk. 11,980 e 12810?

. Cantos accidentes de circulación cóstanlle á Xunta de Galiza ocorridos nos últimos 10 anos na estrada autonómica OU-536 e cal é o p.k. no que se produciron?

. Considera a Xunta de Galiza que é razoábel que a sendas ciclistas e o peonís se constrúan en conexión con outras existentes ou con focos de xeración de tránsito?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2022 12:10:31

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2022 12:10:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/04/2022 12:10:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe adoptar o goberno galego para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galiza ante o mal funcionamento e as queixas no servizo de transporte público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Concretamente, o transporte de viaxeiros por estrada camiña cara un comportamento monopolístico do Grupo Monbus facilitado pola administración pública, onde foron desaparecendo as pequenas e medianas empresas de transporte ao non ser quen de competir nas mesmas condicións que este grupo nas licitacións propostas pola Xunta de Galiza debido ao seu propio deseño e confección.

Esta situación de connivencia tradúcese na vulneración sistemática dos dereitos tanto de usuarios como de traballadores deste grupo unha vez se poñen en funcionamento os servizos licitados.

Isto é, supresión de liñas, itinerarios ou horarios ou modificación dos mesmos de xeito unilateral por parte da empresa concesionaria incumprindo os propios preceptos da lei de transporte da Xunta de Galiza no que ten ver con algo tan fundamental como o carácter social que debe ter un servizo público de transporte de viaxeiros.

Alén desta cuestión son moi numerosas as denuncias interpostas por sindicatos, colectivos e usuarios ante o incumprimento reiterado dos contratos asinados entre Xunta de Galiza e o Grupo Monbus, tales como a vulneración das condicións de traballo dos traballadores da concesionaria, o incumprimento na idade máxima dos autobuses que operan nas liñas, a duplicidade de vehículos en diferentes lotes concesionados ou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vulneración nos tempos de resposta para avarías cando non existen as bases destinadas a reparación que se estipulan nos contratos.

Non só están a existir problemas coa execución dos contratos das liñas regulares, senón que tamén se están a dar no servizo de transporte escolar, con vehículos que aparecen nos listados de varias liñas, vehículos que superan a idade máxima permitida nos contratos operando neste servizo ou a problemática concreta da vulneración sistemática do persoal acompañante nestas liñas.

Estas denuncias mesmo veñen de chegar á vía penal e xudicial, despois dunha demanda interposta por unha agrupación de máis de 30 empresas do sector de transporte de viaxeiros por estrada, que están a alertar das irregularidades e os incumprimentos dos contratos tanto nas liñas regulares como no servizo de transporte escolar.

Este son só algúns exemplos das infraccións que se están a cometer na execución dos contratos asinados entre empresa e administración pública, sen que esta última faga o seu traballo de inspección e control dos mesmos.

O noso futuro como sociedade debe pasar por un transporte público forte, que xogue un papel indiscutíbel en canto á vertebración do noso territorio, que funcione tamén como un elemento que garanta a igualdade de oportunidades para todas as galegas e galegos e que nos achegue tamén á redución das emisións contaminantes cara unha sociedade máis limpa.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?

. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?

. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?

. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 26/04/2022 13:34:24

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2022 13:34:28

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2022 13:34:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A retirada da Candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da UNESCO por parte do goberno galego, no pasado 2021, foi consecuencia das eivas detectadas na avaliación do ICOMOS.

A argumentación do informe do ICOMOS demostraba que a proposta presentada pola Xunta de Galiza non demostraba o carácter senlleiro deste espazo.

Asemade, reprendía a Xunta pola desprotección desta importante área medioambiental ao detectar severas agresións moi lesivas ao territorio como os encoros, os parques eólicos, as plantacións de eucaliptais e advertía da falta de implicación da sociedade na candidatura proposta.

Unha sucesión de erros básicos na candidatura que xa foras advertidos a través de múltiples alegacións por diferentes colectivos que a Xunta ignorou.

Recentemente, a Xunta anunciou a ampliación do equipo de redacción da candidatura coa incorporación de novos perfís profesionais, co obxectivo de ser un punto de inflexión que permita revisar o expediente e avanzar con maior rigor e calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Conselleiro de Cultura anunciaba que este proceso de diálogo social tamén se ensanchaba coas Administracións implicadas e coa veciñanza.

Transcorridos varios meses, no entanto, a veciñanza segue a non ser incluída no necesario proceso de elaboración participada da nova candidatura.

A través dos medios de comunicación, o grupo parlamentario do BNG confirma que se están a producir diferentes encontros do movemento asociativo e veciñal das marxes da ribeira luguesa e ourensá que seguen a se sentiren excluídas do proceso de participación.

Estes colectivos afirman teren enviado á Xunta unha serie de propostas para emendar os erros da candidatura fallida, mais non teren recibido ningunha resposta oficial.

Información e colaboración de cara á nova candidatura que se presente desde o goberno da Xunta de Galiza perante a UNESCO é o que están a demandar os colectivos veciñais da Ribeira Sacra, co obxectivo de superar a actual confusión.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- En que proceso se encontra a revisión e elaboración dunha nova candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da UNESCO?
- Que actuacións está a levar a cabo o grupo de traballo de expertos ampliado o pasado mes de novembro de 2021 co obxectivo de reformular a candidatura?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten recibido recentemente a Xunta propostas dos colectivos veciñais da Ribeira Sacra vinculadas coa revisión da fallida candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da UNESCO?

- Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de cara á reformulación da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, en relación á incorporación do diálogo e das demandas dos colectivos veciñais e do movemento asociativo da Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Carmen Aira Díaz

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/04/2022 16:34:03

María del Carmen Aira Díaz na data 26/04/2022 16:34:43





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/04/2022 16:34:55



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención primaria ofrecida polo sistema público de saúde de Galicia no concello de Ordes implica o centro de saúde e o punto de atención continuada, que da servizo tanto a este municipio como a todos os concellos da súa contorna (Trazo, Mesía, Tordoia e Frades). Este servizo, non en tanto, necesita certas melloras para poder garantir a calidade asistencial que merece.

En primeiro lugar, e de maneira relevante, resulta imprescindible que se garantas as coberturas de baixas, vacacións e outras circunstancias que impiden a presenza completa de todo o plantel profesional no centro de saúde. Isto dificulta a capacidade asistencial, e alimenta a existencia de saturacións que recaen nos profesionais, e de provocar demoras na atención que poderían ser solucionadas.

Ademais do referente ao persoal, o centro de atención primaria sofre algúns problemas derivados do paso do tempo e a limitada cobertura de recursos para o mantemento da estrutura e dos elementos de construción. Así, nótanse deficiencias que poden chegar a causar problemas e danos como na fachada con desprendementos, na construción interior e incluso nalgúns elementos da construción.

Mais estas cuestións non son os únicos problemas, pois existen algúns déficits en termos de planificación. O centro de saúde de Ordes foi incluído no ano 2008 no Plan de Mellora de Atención Primaria, entre outros, no conxunto de centros de atención primaria que verían instalada unha tecnoloxía de radioloxía, para poder dotar a este centro e a súa comarca dunha maior capacidade resolutiva. Esta decisión tamén liberaría de carga asistencial ao propio CHUS, ao evitar a saturación de consultas de diagnóstico que poderían resolverse con esta tecnoloxía propiamente dende o centro de Ordes.

Tamén, en termos de servizo de atención de urxencias, é necesario mellorar a infraestrutura existente. O traslado que en diversas ocasións se realiza mediante helicóptero dende Ordes ao centro hospitalario de Santiago, pode ser optimizado habilitando mellores espazos para aterrizar en termos contiguos ao propio centro e non afastada deste, como ocorre agora tendo que utilizar ambulancias para



traslada do PAC ao helicóptero e deste, despois, a Santiago. Esta ineficiencia podería resolverse se o goberno galego e o Concello de Ordes conseguiran acordar os cambios e avances necesarios para dispoñer dos terreos existentes contiguamente ao centro sanitario, e poder instalar alí o espazo requirido para este operativo. Non en tanto ambas administracións están mantendo un tirapuxa que só fai que prexudicar ao servizo e enlentecer posibles solucións.

Por todas estas cuestións é necesario afrontar decisións que permitan mellorar as posibilidades asistenciais e aumentar a garantía de calidade no centro de atención primaria de Ordes.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cre necesario a Consellería de Sanidade afrontar algunhas melloras para aumentar a calidade asistencial en atención primaria para o Concello de Ordes?
2. Ten realizado algún avance a Consellería de Sanidade co Concello de Ordes para incorporar dun espazo para ser utilizado como heliporto de maneira contigua ao centro de atención primaria?
3. Ten previsto a Consellería de Sanidade incorporar un equipamento de radioloxía ao centro de saúde de Ordes?

Pazo do Parlamento, 26 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noa Díaz Varela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/04/2022 17:59:48

Noa Susana Díaz Varela na data 26/04/2022 17:59:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2022 18:01:33
Nº Rexistro: 34140
Data envío: 26/04/2022 18:01:33.016

Marina Ortega Otero na data 26/04/2022 18:00:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-ig6p6G0Nw-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas Festas da Pascua 2022 en Padrón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de setembro de 2015, após unha moción presentada polo BNG, o concello de Padrón acordou en sesión plenaria declararse contrario á celebración de festexos taurinos, así como declarar que o consistorio non participará, nin de forma directa nin de forma indirecta, na promoción ou impulso deste tipo de eventos. Non obstante, o goberno municipal do Partido Popular non respectou este acordo e no programa das “Festas da Pascua 2022” volveron a estar presentes as corridas de touros, vulnerando así a vontade manifestada maioritariamente pola representación da cidadanía.

Ante este feito, o propio domingo 17 de abril tivo lugar unha concentración de protesta no concello que mobilizou a un grupo numeroso de persoas que se manifestaron en contra da celebración deste espectáculo na que tamén estiveron presentes tanto organizacións políticas, como ecoloxistas e animalistas. Mentres que se desenvolveu a devandita concentración, as manifestantes puideron observar, do mesmo xeito que tamén o fixeron as forzas e corpos de seguridade que se atopaban no lugar por mor da protesta, como se permitiu a entrada de crianzas de curta idade ao interior do recinto no que se celebraba a corrida de touros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que segundo a lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galiza, as persoas menores de 12 anos teñen prohibida a entrada a este tipo de espectáculos (artigo 16.2). Do mesmo xeito, en relación á presenza de menores nos festexos taurinos, en febreiro de 2018 o Comité dos Dereitos do Neno e da Nena emitiu as súas recomendacións a respecto do cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno da Organización das Nacións Unidas, ratificada polo goberno estatal. Nestas recomendacións sinala que "co fin de previr os efectos nocivos da tauromaquia en nenos, o Comité recomenda que o Estado prohiba a participación de nenos menores de 18 anos como toureiros e espectadores en corridas de touros".

Con este tipo de espectáculos trátase de promover tradicións foráneas como as capeas, as touradas, tentadeiros e outros eventos de maltrato animal que nada teñen que ver coa nosa realidade cultural. Tal e como reflicten as enquisas e sondaxes de opinión que se levan realizado ao respecto, como pode ser a enquisa de Hábitos e Prácticas culturais do Ministerio de Cultura, o 99,6% da poboación galega declarou non asistir a festexos taurinos no último destes estudos realizado no período 2018-2019.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Autorizou a Xunta de Galiza a celebración deste espectáculo taurino?
- Comparte o goberno galego os intentos de promover estes espectáculos de maltrato animal alleos á cultura galega?
- Ten coñecemento o goberno galego da presenza de persoas menores de 12 anos no espectáculo taurino que tivo lugar o pasado domingo 17 de abril no marco das “Festas da Pascua 2022”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Realizouse algún tipo de denuncia, identificación de atestado ante este feito?
- Ten iniciado o goberno galego algún tipo de expediente de sanción ante estes feitos?
- Que medidas ten previstas para dar cumprimento ás recomendacións feitas polo Comité dos Dereitos do Neno e da Nena da ONU no referido á presenza de menores de idade en corridas de touros?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Luis Bará Torres
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2022 17:59:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/04/2022 17:59:53

Iria Carreira Pazos na data 26/04/2022 18:00:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a decisión da Xunta de Galiza de situar a factoría de Altri no concello de Palas de Rei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido, a situación socioeconómica da comarca da Mariña é límite. A crise industrial que esta comarca leva sufrindo ao longo da última década provocou a perda de moitas empresas, que chegaron a xerar a desaparición de máis de mil empregos en materia industrial.

Neste contexto de incerteza polo futuro de Alcoa e despois do peche de Vestas, a chegada de Altri para a Mariña prometendo 1.500 postos de traballo convertíase nun pequeno respiro para unha comarca que non albiscaba un futuro con posibilidades e prosperidade.

Deste xeito e atendendo as grandes necesidades da Mariña, o Parlamento galego conseguía chegar a un acordo unánime para implantar a factoría de Altri na Mariña, a través do cal o Partido Popular tamén consideraba necesario que esta fábrica se situase na comarca mariñá.

Pese a iso, finalmente observamos como o goberno da Xunta volveu facer caso omiso dos acordos acadados no Parlamento galego para situar a Altri no concello de Palas de Rei. Isto débese a que o goberno de Feijóo deu total liberdade á empresa para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asentarse onde quixer, deixando a un lado os acordos do Parlamento e volvendo demostrar que neste país as empresas mandan máis que o goberno democraticamente elixido.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cales son as razóns que levaron á Xunta de Galiza a situar a factoría de Altri en Palas de Rei?

. A que se debe que o goberno galego pase por riba do acordos democraticamente acadados no Parlamento que urxían á Xunta de Galiza a localizar a factoría na comarca da Mariña?

. Despois desta nova traizón á Mariña, cal vai ser a política industrial que vai levar a cabo o goberno galego nesta comarca?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 27/04/2022 11:29:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/04/2022 11:29:50

Daniel Pérez López na data 27/04/2022 11:29:58

Daniel Castro García na data 27/04/2022 11:30:09



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A EDAR de Sigüeiro (Oroso) entrou en funcionamento no ano 1998 e dende o seu inicio tanto Aquagest como o Concello de Oroso, e posteriormente Augas de Galicia, constataron que a instalación estaba excedida na súa capacidade de tratamento. Así, en febreiro de 2006 Aquagest presentou un informe ao Concello de Oroso no que realizaba unha proposta exhaustiva e valorada das melloras que contribuirían ao aumento dos rendementos de depuración da EDAR, cun custe de 267.060,12 euros.

A obra de mellora levouse a cabo no ano 2009, pero a actuación non foi todo o efectiva que se precisaba. Por esa razón, xa en xuño de 2016, Viaqua, como explotador da instalación, e por mandato do Concello, elaborou unha memoria cunha nova avaliación económica e xustificación técnica de medidas necesarias para o correcto funcionamento da EDAR.

En 2020, e tamén por orde do Concello de Oroso diante da preocupación pola insuficiencia das instalacións de saneamento, Viaqua volve facer un novo informe que actualiza o anterior e que orzamenta a actuación en 253.517,82 euros.

O novo informe constata que a EDAR de Sigüeiro presenta unha serie de deficiencias que provocan que os rendementos de depuración do proceso estean por baixo das garantías de deseño da instalación e poidan dar lugar a incumprimentos da Directiva Europea 91/271, do RD 509/1996 e da súa autorización de vertido (clave DH.V15.19505), así como a alivios de auga bruta por avarías nas bombas de cabeceira, ou cheiros pola insuficiente capacidade de aireación e purga de lodo biolóxico, co conseguinte impacto negativo sobre o medio receptor e a contorna da instalación.

O Concello de Oroso abona anualmente 90.000 euros polo canon de saneamento de auga sen que dende hai 13 anos vise revertida a súa achega económica en ningunha obra de mellora, urxente e necesaria como acredita a propia Aquagest. Non acontece así con outros concellos, cos que a Xunta de Galicia colabora



sufragando esas actuacións de mellora. Por esa razón as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Valora a Xunta de Galicia colaborar co Concello de Oroso na imprescindible actuación de mellora da EDAR de Sigüeiro (Oroso)?

2ª) En caso afirmativo, cando teñen previsto realizar esa actuación?

3ª) Cando pensa dar resposta Augas de Galicia á petición de xuntanza realizada polo Concello de Oroso para tratar o estado da súa EDAR?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 26/04/2022 18:33:15

Patricia Otero Rodríguez na data 26/04/2022 18:33:30

Noelia Otero Lago na data 26/04/2022 18:33:42



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O sector cultural foi un dos máis agraviados pola crise da covid-19 e por tanto debería ser un dos que contase con maior apoio por parte da Xunta de Galicia. Tendo en conta que a pandemia nos sorprendeu no ano 2020, eran de agardar uns orzamentos expansivos para o exercicio 2021 que desen resposta a toda a nosa industria, por suposto tamén a cultural.

Mais a pesar dese incremento dos fondos destinados a cultura, sorprende a baixa execución orzamentaria do pasado exercicio 2021, un 81,2 %, cando a de 2020, con maiores dificultades para executar fondos dados os impedimentos administrativos, fora dun 96,2 %.

En concreto, resulta preocupante que no programa 432B de Fomento das actividades culturais, que debe asegurar a pervivencia ou continuidade da cultura nos seus máis diversos ámbitos, teña un grao de execución de tan só o 77,8 %.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora o Goberno galego que en 2021 se deixasen de investir cerca de 9 millóns de euros previstos nos orzamentos para políticas dirixidas ao fomento de actividades culturais?
- 2ª) Que explica a baixa execución da partida orzamentaria 432B de Fomento das actividades culturais?
- 3ª) Que accións concretas deixaron de se desenvolveren?
- 4ª) É consciente o Goberno galego do desperdicio que supón para o sector cultural e a súa industria deixar de executar máis de 9 millóns de euros?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2022 12:55:40
Nº Rexistro: 34167
Data envío: 27/04/2022 12:55:40.693

Noa Susana Díaz Varela na data 27/04/2022 12:15:56

Noelia Otero Lago na data 27/04/2022 12:16:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o número de polígonos agroforestais postos en marcha ao abeiro da Lei de Recuperación de Terra Agraria de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 21 de maio de 2021, vai case un ano xa, o Diario Oficial de Galiza publicaba a Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galiza que entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación.

En palabras do conselleiro do Medio Rural esta lei nacía cun obxectivo ambicioso, como era o de “poñer a producir terras abandonadas e aportarlle base territorial suficiente ás explotacións que o precisan”. O reto non era pequeno como probaban os datos. En 30 anos calcúlase que Galiza perdeu máis de 150.000 hectáreas de superficie agraria útil. Unha parte desa superficie ficou no abandono, outra parte foi forestada, algunha colonizada por frondosas caducifolias e outra urbanizada ou reconvertida en solo industrial.

Trátase sen dúbida dun texto ambicioso que, en todo caso, chegou 12 anos tarde e que xoga deliberadamente á confusión entre terra agrícola e terra forestal incluíndo polo tanto estes últimos usos (os forestais) como válidos neste concepto de “recuperación de terra agraria”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É un texto complexo que inclúe distintos instrumentos de ordenación, de mobilización e de recuperación de terras.

Así, entre os primeiros (ordenación) temos a investigación da propiedade, o mapa de usos agroforestais de Galiza e o catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galiza. Entre os segundos (mobilización) temos o Banco de Terras, o Banco de Explotacións e as Permutas. E entre os terceiros (recuperación) estarían os polígonos agroforestais, as agrupacións e actuacións de xestión conxunta e as aldeas modelo.

Sen dúbida unha inxente cantidade de traballo que sería (é) dirixida desde a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Agora, case un ano despois da posta en marcha desta norma, consideramos importante que o Parlamento de Galiza poida facer unha primeira avaliación dos seus resultados máis aló dos contínuos anuncios en prensa referidos á creación de novos polígonos agroforestais.

Así, se nos remitimos á sección de Polígonos Agroforestais da web do AGADER, só hai 2 acordos publicados no DOG a día de hoxe (un no concello de Oímbra e outro no de Cualedro) nos que se “inicia o procedemento de aprobación para o desenvolvemento” de cada un deses dous polígonos. Ao tempo vemos na prensa anuncios de que na provincia de Ourese se “ultiman” 10 polígonos e números similares vemos nas outras tres provincias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas hectáreas de terra se levan mobilizado efectivamente baixo o formato de “polígonos agroforestais” neste primeiro ano de funcionamento da lei?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas demandas teñen recibido das distintas administracións locais para a creación de novos polígonos agroforestais? En que fase de tramitación están?
- Cantas demandas de polígonos agroforestais de iniciativa privada teñen rexistrado neste ano? En que fase de tramitación están?
- A que uso se van dedicar eses polígonos? En base a que mapa de usos?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/04/2022 13:40:13

María del Carmen Aira Díaz na data 27/04/2022 13:40:17

María González Albert na data 27/04/2022 13:40:26



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Hospital do Rebullón, situado en Mos, foi un psiquiátrico que pechou en 2016, pero antes fora colonia de campamentos infantís e hospital de enfermos de tuberculose. A Xunta de Galicia anunciou o pasado 18 de abril unha nova vida para o antigo hospital. O Goberno galego fará unha remodelación para convertelo en: centro de saúde, residencia para maiores, centro de coidados intermedios e escola infantil. O antigo psiquiátrico agora utilízase como almacén do Sergas. A remodelación do Rebullón é un proxecto conxunto das consellerías de Sanidade e Política Social.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as obras previstas polo Goberno galego e os prazos de execución no antigo hospital do Rebullón en Mos, para convertelo nun centro de saúde, nunha residencia para maiores, nun centro de coidados intermedios e nunha escola infantil?
2. Cal é o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para o proxecto de remodelación do antigo psiquiátrico do Rebullón no municipio de Mos?
3. A cargo de que partida orzamentaria imputará o Goberno galego a remodelación do antigo psiquiátrico do Rebullón no municipio de Mos?

Pazo do Parlamento, 27 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María Leticia Gallego Sanromán na data 27/04/2022 16:36:30

Julio Torrado Quintela na data 27/04/2022 16:36:38

Marina Ortega Otero na data 27/04/2022 16:36:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Maria González Albert, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados dos anos 60 foi construído o encoro de Vilasouto no concello de O Incio, dentro do plan de regadío do Val de Lemos. Este plan tiña a pretensión de regar unhas 5.000 Has de terreo sendo a maior superficie de regadío da provincia de Lugo. Porén, o regadío atopouse con varias dificultades á hora de desenvolver as canles polas que discorrería a auga, ou ben pola ausencia de concentración parcelaria nos terreos a regar, e o que naceu como un macroproxecto quedou diminuído.

Actualmente o embalse de Vilasouto dá de beber á localidade de Bóveda, e á cidade de Monforte, a máis de regar unha superficie de unhas 600 Ha das máis de 5000 prometidas. Varias dificultades acompañan estas funcións debido ó mal estado das denominadas "acequias" con perda de auga, ou a carestía das taxas impostas, sen que a CHMS as corrixa nin a Consellería interveña, que sería o propio. Sabe perfectamente que os gandeiros e sociedades de superficie para cultivo verían con satisfacción poder recuperar para cultivo terras que agora mesmo se encontran en abandono ou ben forestadas ou en risco de forestación.

Esta estrutura de gran tamaño para o lugar provocou unha ferida na paisaxe e no territorio no momento da súa construción, anegou zonas habitadas expulsando dalí as persoas, e ocupou os terreos ó pe do río que clasicamente son os máis produtivos. Quero dicir con isto que o dano feito no seu momento ten que ter un significado neste, e para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iso o único que se pode facer e aproveitar un recurso, que nesta época e no futuro vai ser un ben prezado, a auga.

No ano 2022, 56 anos despois da súa construción vivimos inmersos nunha guerra en Europa que provoca o que nunca se pensou, unha situación de suspensión de exportacións por parte de Ucraína, de cereal que é o caso que nos ocupa, mentres a Galiza ten reducida de xeito constante e mantido no tempo a súa SAU, ata o punto de que se viu comprometida a alimentación do gando nos inicios da dita guerra.

A medio e longo prazo cóntase con que o cambio climático afecte a produción de alimentos de todo tipo, forraxe para o gando tamén.

Por isto é necesario que a Confederación/Xunta, segundo acorden, faga os traballos adecuados para recuperar as estruturas deterioradas, e incluso amplíen o número de canles para poder chegar ás Has previstas de inicio. Por outra banda requírese a participación inmediata da Consellería. A LRTAG permite, ben aplicada, a mobilización de terras para poñelas a producir, agora mesmo esta zona está en serio risco de seguir perdendo SAU, tan necesaria para o país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai atender o goberno da Xunta a poñer o Val de Lemos nas condicións de regadío precisas para convertelo nunha zona produtora de cereal que axude a paliar a necesidade de producir insumos propios?

Vai a Consellería do Medio Rural elaborar un Plan de Recuperación de zonas con gran aptitude cerealista, como é o Val de Lemos co fin de recuperar a soberanía alimentaria?

Cando vai rematar o proxecto piloto de "Mobilización de Terras no Val de Lemos (Bóveda)"?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Van revisar e actualizar a delimitación dos perímetros urbanos da zona do Val de Lemos?

A Consellería de Medio Rural porase de acordo coa CHMS para a mellora do sistema de regadío?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/04/2022 18:11:03

María González Albert na data 27/04/2022 18:11:06

María del Carmen Aira Díaz na data 27/04/2022 18:11:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os resultados das axudas ao aluguer a mozos e mozas menores de 35 anos no ano 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das subvención para o aluguer de vivenda incluídas no Plan estatal de vivenda 2018-2021 contemplábase unha liña específica, a liña B, destinada a axudar aos mozos e mozas menores de 35 anos con escasos medios económicos co pago do aluguer da súa vivenda habitual.

A última convocatoria desta axuda realizouse no ano 2021 mediante a Resolución de 5 de marzo de 2021 pola que se convocan as axudas ao aluguer de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para o ano 2021 (código de procedemento VI432A). En dita norma establécese un orzamento inicial de 787.000,00 € para esta axuda.

Nunha resolución posterior, realizada no mes de setembro, amplíase a dotación orzamentaria en 55.000€, ficando un orzamento total logo da ampliación de 842.000€ para esta liña. Na propia resolución da ampliación de orzamento xustifícase a necesidade de aumentar as partidas como consecuencia do elevado número de solicitudes, porén o montante total asignado é a todas luces escaso ante a dimensión do problema.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os datos do Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España, en Galiza apenas 1,5 de cada 10 xoves de entre 16 e 29 anos logra emanciparse. Ademais as dificultades para emanciparse prolóngase na trintena: 4 de cada 10 mozos galegos de entre 30-34 anos non logra facer unha vida independente do fogar familiar. A segunda peor taxa de emancipación do Estado nesta franxa de idade, só por diante de Canarias. Esta baixa taxa de emancipación é o resultado dunha combinación fatal: a precariedade do mercado laboral e o aumento brutal dos prezos da vivenda, especialmente en aluguer.

Tal é a dificultade para emanciparse que nin sequera ter traballo hoxe é garantía de poder acceder a unha vivenda e independizarse. Unha persoa moza asalariada que se queira emancipar en Galiza ten que dedicar de media un 60% dos seus ingresos a pagar o alugueiro. Se a isto lle sumamos os gastos de luz e auga, vemos como a suma dos gastos relacionados coa vivenda son un limiar inalcanzable para os salarios da mocidade. Tanto é así que, a metade dos galegos e galegas de entre 25 e 34 anos que seguen vivindo cos seus pais teñen traballo ao longo de todo o ano.

Ante este panorama, as axudas para o aluguer destinadas a xente moza son unha urxencia. Sen esquecer, por suposto a necesidade de medidas estruturais a medio e longo prazo como, por exemplo, aquelas orientadas a aumentar o parque público de vivenda ou as políticas orientadas a frear os prezos da vivenda libre.

Os 842.000€ orzamentados para esta liña de axudas no 2021 supón unha cifra extremadamente baixa para dar resposta ao elevado número de posibles demandantes. Por iso resulta sorprendente que nin tan sequera se chegase a executar o total deste importe. Segundo os datos extraídos da Resolución do 12 de abril de 2022 pola que se dá publicidade á relación das persoas ou entidades beneficiarias de varios programas de axudas concedidas ao abeiro das convocatorias para o ano 2021, o número total de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas beneficiarias desta axuda foi de apenas 286. O montante total das axudas concedidas é de 544.422,80, o que representa apenas o 64% do orzamentado.

Por tanto, a Xunta debe dar explicacións da baixa execución e do baixo número de solicitudes atendidas no 2021 e buscar solucións para que neste exercicio se amplíe a cobertura para a emancipación dos mozos e mozas. Con esa finalidade presentamos as seguintes:

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai a Xunta da execución e dos resultados desta liña de axudas ao aluguer destinada a mozas e mozos menores de 35 anos na anualidade 2021?

Cal é o motivo polo que a dotación total desta axuda apenas alcanzou o 64% do orzamento previsto?

Cantas solicitudes da axuda foron rexistradas?

Cantas desas solicitudes foron rexeitadas a pesar de cumprir cos requisitos marcados?

Cantas desas solicitudes foron denegadas por falta de fondos?

A que se destinaron os 297.577,2€ que ficaron sen outorgar?

Se existía un elevado número de solicitudes que xustificaba o incremento do orzamento en 55.000€, cal é o motivo de que case 300.000€ non se outorgasen?

Considera a Xunta de Galiza que 286 axudas concedidas son suficientes para dar resposta ao problema da emancipación xuvenil?

De cara a este 2022, vai a Xunta de Galiza a pór en marcha unha liña destinada a cubrir a necesidade de axudas á emancipación con fondos propios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta de Galiza complementar con fondos propios ou cun programa específico o bono xoven estatal?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 27/04/2022 18:31:16

Alexandra Fernández Gómez na data 27/04/2022 18:31:19

Xosé Luis Bará Torres na data 27/04/2022 18:31:26



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Mentres o Goberno estatal tomou medidas con relación a alza nos prezos da enerxía e os combustibles, como o gasóleo que tivo que ser bonificado polo goberno establecendo unha rebaixa de 20 céntimos por litro para toda a cidadanía que no caso do sector agrario suporá unha axuda duns 78 millóns de euros para o sector.

Nesta situación de crise, vimos como os produtores pedían que se fixese unha reflexión sobre os factores que inciden na chamada inflación verde que nace da interminable listaxe de prohibicións e regulacións á produción agraria, repensando algunha das reformas previstas na última revisión da PAC, mentres o escenario internacional non sexa máis estable.

Factores como a obriga de deixar en barbeito terras de produción nun momento de necesidade de alimentación ou determinadas limitacións no sector gandeiro pedindo unha moratoria na aplicación para poder compensar as graves ameazas que ten o sector primario.

Nesa liña o Goberno estatal conseguiu que a UE flexibilizase determinados requisitos da PAC para que se dispuxeren de terras en barbeito para que se puidesen cultivar e mellorar o noso nivel de abastecemento xunto coa flexibilidade temporal de determinados requisitos para importar millo que facilitará a entrada de materias primas destinadas á alimentación animal, o que permitiría aliviar a escaseza momentánea de millo que antes proviña de Ucraína para a elaboración de pensos. Esta medida, xunto coa flexibilidade temporal de determinados requisitos para importar millo que facilitará a entrada de materias primas destinadas á alimentación animal, permitirá aliviar a escaseza momentánea de millo que antes proviña de Ucraína para a elaboración de penso. Outra medida adoptada foi o almacenamento privado para a carne de porcino, un sector que tamén está atravesando unha situación difícil no conxunto dos Estados membros, sobre todo aqueles afectados pola peste porcina africana.



Nese consello de ministros da Unión Europea onde se pactaron estas medidas, o Goberno de España conseguiu 64,5 millóns de axudas para o sector agrario dos 500 millóns habilitados pola Comisión europea da reserva de crise.

O 24 de marzo despois do Consello da Xunta, o Presidente pedíalle ao Goberno do Estado que puxese o mesmo que poñía a UE, é dicir outros 65 millóns de euros, pero o Goberno de España puxo enriba da mesa 128 millóns en axudas e tamén dicía que as comunidades autónomas deberían poñer entre todas o mesmo que puxera o Goberno do Estado e se comprometía a apoiar aos sectores con fondos propios na cantidade que correspondese.

O Goberno do Estado aprobou un paquete de axudas duns 360 millóns de euros para o sector agrario, destes, uns 169 son especificamente para o sector lácteo e 193 para o resto do sector agrario e gandeiro, ademais de se beneficiaren da redución de vinte céntimos por litro de carburante.

O sector produtor de leite de vaca recibirá uns 124 millóns de euros e Galicia será un dos grandes beneficiados, queda por ver o reparto que se farán deses 193 millóns para o resto dos sectores, 65 millóns procedentes de Europa e complementados con 128 millóns do Estado, é dicir, poñendo un 200 % máis que a Unión Europea, cómpre agora que a Xunta de Galicia diga e publique canto vai poñer de fondos propios para axudar aos sectores agrarios e a onde quere dedicalos.

Nesta situación de crise, os socialistas entendemos que todos os gobernos deberían de estar á altura das circunstancias, tanto sexan a nivel europeo, como o Goberno do Estado e tamén o Goberno da Xunta de Galicia que ten as competencias en agricultura e gandería do noso país.

A día de hoxe, non sabemos cal é a cantidade que vai destinar a Xunta de Galicia con fondos propios en axudas directas aos nosos sectores agrarios e ata este momento nin un só euro saíu publicado nos boletíns oficiais galegos. E despois de escoitar as palabras do señor Feijóo e ver como o Goberno do Estado pon 169 millóns para o sector lácteo e outros 128 millóns para o resto dos sectores agrarios, seguimos sen ver como o Goberno da Xunta cumpre o prometido e publica algún tipo de axudas directas para ver o compromiso do Goberno galego coa nosa agricultura e gandería.

Hai sectores como o sector da carne, tanto sexa de vacún como outros sectores cárnicos como o avícola, cunícula e porcino que veñen sufrindo os efectos dunha crise xa estrutural dende hai moito tempo e agravada pola crise da pandemia e a



posterior derivada dos prezos da enerxía e as materia primas que tamén deben de ser atendidos pola Administración galega.

O conselleiro do Medio Rural dicía hai poucas datas que había risco da desaparición do sector gandeiro, pero a día de hoxe seguen sen poñer encima da mesa nin unha soa medida do Goberno galego para axudar ao sector agrario excepto avalar préstamos e pagar os intereses de adiantos da PAC. Todo un goberno con competencias plenas en gandería, que se mostra como unha simple entidade financeira mentres en Galicia os gandeiros reciben de media 35,9 céntimos de media polo litro de leite cando en España a media é de 37,1 céntimos estando á cola de todo o Estado, temos menos do 25 % da superficie agraria útil, a metade que no Estado español e á cola de toda Europa e agora levámonos as mans á cabeza por ter tanta dependencia da importación de insumos do estranxeiro

As granxas de leite percibiran ata 210 euros por vaca do Estado, mentres que polas informacións que imos recibindo, no caso do vacún de carne din que percibirán uns 55 euros por animal, este diferencial debe corrixirse cando son as explotacións cárnicas as que máis perdas veñen arrastrando como consecuencia da pandemia e o peche da hostalaría e agora polo incremento de custes na alimentación animal e nos combustibles. Tal e como lle piden os produtores ao Goberno galego, tócalles mover ficha á Administración autonómica que debería complementar as primas previstas para as granxas de vacún de carne para equilibrarse coas previstas para o sector lácteo, primeiro por unha cuestión de xustiza e ademais porque estas supoñen o derradeiro soporte económico e social para comarcas enteiras nas que o despoboamento e o colapso demográfico son xa unha realidade.

Outro dos sectores nos que o Goberno galego debe poñer en marcha unha liña de axudas para os sectores cunícola, porcino e avícola que tamén sufriron e sofren a crise polo peche de mercados e o encarecemento dos pensos e a enerxía.

Do mesmo xeito e no ámbito da agricultura a Xunta debería apoiar a produción de pataca, tendo en conta que este sector é un dos grandes prexudicados, tanto polo encarecemento dos combustibles e a enerxía como polo prezo disparado no que se están a situar os fertilizantes.

Ademais deberían de poñer en marcha medidas efectivas para garantir o abastecemento de cereais na nosa terra e incentivar que os nosos agricultores utilicen os cambios permitidos pola Unión Europea e decretados polo Goberno estatal para utilizar os terreos a barbeito para garantir a cantidade de cereais que



necesita o noso gando, ademais de instrumentar como conseguir aumentar a nosa superficie agraria con axilidade.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego cumprir o comunicado polo seu presidente e implementar unha liña de axudas directas ao sector agrario, da mesma contía que destina o Goberno do Estado aos produtores galegos?

2ª) É coñecedor o Goberno galego da situación dos sectores da carne en Galicia e da pataca? Vai compensar a estes sectores pola crise de prezos que estamos a sufrir?

3ª) Vai poñer en marcha, medidas de apoio aos propietarios que desexen aproveitar o establecido por Europa para utilizar terreos a barbeito para a produción de cereais?

4ª) Vai aumentar o orzamento destinado a medidas de recuperación de terra agraria en Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 27/04/2022 18:34:11

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/04/2022 18:34:23



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) celebra o Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo o 28 de abril co fin de promover a prevención de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en todo o mundo.

Trátase dunha campaña de sensibilización cuxo obxectivo é centrar a atención a nivel internacional sobre as novas tendencias no ámbito da seguridade e a saúde no traballo e sobre a magnitude das lesións, enfermidades e mortes relacionadas co traballo. A campaña para o 2022 céntrase na participación e o diálogo social para acadar unha cultura de seguridade e saúde positiva. O lema é "Actuar xuntos para construír unha cultura de seguridade e saúde positiva".

Coa celebración do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo a OIT promove a creación dunha cultura de prevención en materia de seguridade e saúde para os mandantes da OIT e todas as partes implicadas neste campo.

Esta organización insta a promover unha cultura preventiva de seguridade e saúde e a cumprir coas súas obrigacións e responsabilidades, co fin de previr as mortes, lesións e enfermidades relacionadas co traballo e permitir ás persoas traballadoras regresar con seguridade aos seus fogares ao final de cada día de traballo.

Nesa data os sindicatos alzan a voz en recordo e recoñecemento público de todas as persoas traballadoras falecidas ou vítimas dunha enfermidade por causas laborais. Esta data tamén serve para denunciar e poñer en evidencia que os danos derivados do traballo son evitables e que tanto as empresas como as administracións teñen grandes responsabilidades nesta materia.



Indican tamén que a seguridade no traballo ten que ser un obxectivo de primeira necesidade, e que actualmente a sinistralidade laboral, aínda dista moito dos rangos que poidan considerarse aceptables.

Por todas estas razóns este grupo parlamentario presentou anteriores iniciativas sobre esta problemática en setembro de 2021.

Segundo a Estatística de Accidentes de Traballo, resumo de principais resultados, datos Avance xaneiro-décembro 2020/2021 Galicia publicado polo ISSGA, constan rexistrados un total de 25.939 accidentes laborais con baixa en xornada laboral, un 18,3 % máis que no exercicio anterior. Deles, a maioría aconteceron durante a xornada laboral (26.402) e o resto (2.589) foron *in itinere*. E dos cales temos que lamentar o falecemento de 48 persoas en sinistros relacionados coa súa actividade laboral.

Como primeira causa de mortalidade figuran por infartos e outras patoloxías. A segunda causa foron as caídas e golpes con esmagamento contra obxectos inmóviles. Este tipo de accidentes causaron a morte de 9 persoas traballadoras, o 18,75 % do total. Os atrapamentos e amputacións provocaron seis mortes e os golpes contra obxectos en movemento, 5. Tamén se produciron mortes por contacto cun axente cortante, por afogamento e sepultamento e por contacto coa corrente eléctrica, lume ou sustancias perigosas.

En números totais, o sector coa cifra máis numerosa volveu a ser a dos servizos, con 18 mortes, na construción faleceron 12 persoas traballadoras, na industria 10 e na agricultura, 5. No mar foron 3 as persoas falecidas.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pensa o Goberno galego abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social?
2. Vai acometer o Goberno galego un plan estratéxico de seguridade e saúde laboral?



3. Que valoración fai o Goberno galego de que o sector servizos sexa o que máis accidentes rexistra?
4. Que obxectivos formula a Consellería de Emprego en materia de prevención de sinistralidade laboral para o presente 2022?
5. Vai realizar a Consellería algunha campaña específica para o sector servizos, construción, industria, agricultura ou pesca?

Pazo do Parlamento, 27 de abril do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2022 10:55:06
Nº Rexistro: 34218
Data envío: 28/04/2022 10:55:06.503

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/04/2022 10:51:29

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2022 10:51:37

Marina Ortega Otero na data 28/04/2022 10:51:44

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A aprobación dunha lei de recuperación de terra agrarias foi unha iniciativa lexislativa necesaria que chegaba con moitos anos de atraso, nos que se foron agravando os problemas ocasionados pola falla de superficie agraria útil que afecta directamente á viabilidade das nosas explotacións e ao abandono do noso rural.

Esta formulación supuxo un xiro radical sobre as formulacións que mantivera o PP nos máis de 30 anos ao fronte do Goberno galego dos 40 que levamos dende a aprobación do Estatuto de autonomía. Uns gobernos que se caracterizaron polos múltiples atrasos na normativa de ordenación territorial que afectaron tamén á falla de protección das terras agrarias con respecto a usos urbanísticos desordenados, pola ausencia de iniciativas sobre a mellora da estrutura das terras agrarias, polo bloqueo sistemático ao desenvolvemento das leis que no seu momento fixera o goberno de Fernando González Laxe como era a Lei de montes veciñais en man común ou do goberno de Emilio Pérez Touriño como foi a Lei do banco de terras e por ter rexeitado as numerosas proposicións presentadas polo noso grupo dende a primeira lexislatura de Goberno de Fraga sobre o banco de terras, sobre a ordenación e concentración das terras agrarias, sobre o banco de explotacións, etc. Nuns debates nos que o PP non aceptou ningún tipo de ordenación dos usos das terras que hai un ano adoptou e polos atrasos e a falta de prioridades nos traballos de concentración parcelaria, xa que en Galicia só hai unhas 450 mil hectáreas con concentración parcelaria, que vén sendo un terzo da que debería estar feita, cun ritmo dos traballos por debaixo dunhas 5.800 has. por ano, que están por debaixo do que se acadaba no comezo destes traballos dende os 60 ata os 90.

A lei foi presentada sen estar acompañada dun mínimo estudo de impacto, sen unha avaliación previa da situación da estrutura territorial en Galicia e sen unha análise coste-eficiencia das solucións propostas, todo confiado unha vez máis a uns supostos efectos *cuasi-máxicos* deste marco lexislativo, que poden quedar en nada se non existe impulso político e orzamentario na aplicación das medidas contidas na lei, algo que diciamos no debate da súa aprobación ao carecer dun acompañamento orzamentario, dunha análise dos medios materiais e de persoal



para desenvolvela, nin un cronograma de actuacións para que esta teña credibilidade.

Galicia ten un grave problema co abandono de terra agraria e durante estes derradeiros 12 anos de goberno de Feijóo, a pesar de anuncios e da publicidade e de denominar lexislaturas como “as lexislaturas do rural”, o abandono medrou de xeito importante. Galicia perdeu máis de 250.000 hectáreas de superficie agraria útil, abandonáronse máis de 37.000 explotacións agrarias na primeira década deste século e o noso país temos unha superficie agraria útil que apenas supera o 20 % do territorio, unha das porcentaxes máis baixas de España e Europa, xa que no resto do territorio español e en países como Alemaña ou Francia esta supera o 40 %, uns datos que lastran o futuro do noso rural e a nosa actividade agrícola e gandeira, ademais de xerar problemas para Galicia no reparto dos fondos da Política Agraria Común.

Dende o noso grupo traballamos a reo no desenvolvemento parlamentario da lei e incluso introducimos novos instrumentos para mobilizar terreo agrario, como os espazos agrarios de experimentación para apoiar a novos produtores, pero entendemos que dificilmente imos conseguir nada, sen o necesario compromiso orzamentario que necesita a súa posta en funcionamento, un cadro de persoal axeitado para tal fin e un cronograma de actuacións para o seu desenvolvemento.

Hoxe seguimos coas demasiadas concentracións parcelarias paralizadas e con moitas parroquias e lugares dos nosos concellos que seguen a esperar pola posibilidade de que se desenvolvan no seu territorio e resulta difícil entender a publicidade e o bombo e prato que fai o Goberno desta lei para se conformar cunhas cantas aldeas modelo mentres se abandonan as concentracións parcelarias e se gastan millóns en “escaparates” como o “Gaiás de Sergude” que consumen millóns do noso orzamento.

No desenvolvemento lexislativo solicitamos sistemas de control e seguimento desta lei, para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elabore un plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria, con indicación de obxectivos, o orzamento, os recursos materiais e humanos, as entidades colaboradoras e a previsión de resultados. Este informe, que debería ser publicado na páxina web do Agader, incluíría, como mínimo, as actuacións do Banco de Terras de Galicia e do Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación á Comisión de Seguimento e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación da terra agraria.



Aprobouse que no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei e mediante decreto do Consello da Xunta, crearíase a comisión de avaliación e seguimento da lei de recuperación de terra agraria de Galicia, unha comisión que terá unha composición plural e que contará coa presenza de expertos e especialistas na materia, procedentes do eido universitario, académico ou dos colexios profesionais relacionados co ámbito sectorial, que analizará as actuacións realizadas pola Agader en materia de recuperación da terra agraria, coñecerá os informes de control da xestión económico-financeira emitidos polos órganos de control externo e interno e propondrá as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas, analizando os recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos desta lei, así como o seu escenario plurianual.

O PSdeG presentou preto de 250 emendas a esta proposición de lei do PP e entre as aceptadas, transaccionadas e subsumidas, foron máis de 110 as que pasaron a formar parte dela, algunhas sobre o sistema de control e seguimento da lei, cambios na investigación da propiedade, pero tamén cuestións como que non só fose a Agader a que se encargase de desenvolver esta lei, tamén as oficinas agrarias comarcais e os distritos forestais e a inclusión dun novo instrumento que non existía na súa proposta inicial, como son os espazos agrarios de experimentación, un instrumento que se configura como espazos destinados á formación e experimentación de actividades agrarias, nos que as persoas mozas ou emprendedoras poidan recibir formación e probar o seu modelo de negocio nunha contorna favorable que fomente a innovación e facilite a súa incorporación progresiva ao sector agrario e a transferencia de coñecemento, cos obxectivos de facilitar procesos progresivos de novas incorporacións, nomeadamente de persoas mozas, ao sector agrario.

Por todo iso, e despois dun ano da entrada en vigor da Lei de recuperación de terra agraria, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Púxose en marcha a Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia que a propia lei establece que se constituiría no prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei e se non for o caso, como está o trámite para a súa creación?

2ª) Publicouse o Plan de acción anual da Agader en materia de recuperación agraria, tal e como está aprobado na lei?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2022 12:01:23
Nº Rexistro: 34224
Data envío: 28/04/2022 12:01:23.536

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 28/04/2022 11:57:13

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/04/2022 11:57:28



Exposición de motivos

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En setembro do ano 2021 o Parlamento de Galicia aprobou unha iniciativa do Grupo Socialista para flexibilizar a normativa referida ás restricións para a pesca recreativa nos portos galegos. Esta iniciativa tiña a súa orixe na intención do Goberno de Galicia de reformular a normativa para dificultar e ordenar de maneira restritiva esta actividade social moi presente en Galicia. Esta resolución formulaba o seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a revisar a resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se levanta a prohibición vixente sobre a práctica recreativa nos portos galegos, coa intención de dar resposta ao acordo por consenso dos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia, centrándose fundamentalmente en:

- 1.- Flexibilizar as zonas permitidas para a práctica da pesca recreativa, tratando de obter una solución que maximice as posibilidades dentro da compatibilidade de usos para todas as actividades.*
- 2.- Ampliar o número de menores a cargo que un adulto pode ter durante a práctica de pesca recreativa nos portos de Galicia."*

Tomando como punto de referencia para este debate o punto 1, a realidade é que dende entón os avances parecen bastante poucos por parte de Portos de Galicia, cuxa maior aportación está en trasladar aos concellos de Galicia que asuman responsabilidades de vixilancia en terreos portuarios autonómicos dunha normativa autonómica promovida polo Goberno autonómico.

Ante isto, seguen sen aclararse os problemas xurdidos das intencións de Portos de Galicia iniciadas sen consenso co sector e tomando decisións que están sendo contestadas polos afectados e que presentan numerosas dúbidas formais ademais de desentenderse da execución e cumprimento das súas propias normativas.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten intención o goberno da Xunta de Galicia de desenvolver as medidas necesarias para cumprir o acordo do Parlamento de Galicia sobre a flexibilización da normativa sobre pesca recreativa nos portos de Galicia?
2. Que accións e medidas ten avanzado o Goberno de Galicia para afrontar este acordo parlamentario?
3. Considera o goberno da Xunta de Galicia que está cumprindo coas demandas do sector actualmente respecto da normativa sobre pesca recreativa en Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2022 13:13:18

Patricia Otero Rodríguez na data 28/04/2022 13:13:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a oferta e formación de lingua e cultura galegas para os emigrantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte oferta a posibilidade de acreditación do *Idioma e Cultura Española* do nivel A1 ao C1 do Marco Europeo Común de Referencia, ao alumnado, fillo de emigrantes, en diversos países de Europa.

Chama atención que, sendo galega unha ampla porcentaxe da emigración na maioría destes países, non exista a día de hoxe a posibilidade de que os fillos de emigrantes galegos cursen estudos e acaden títulos oficiais de *Idioma e Cultura Galega* cun programa homologábel ao ALCE.

Sirva como exemplo o caso de Suíza. Segundo os datos da S.X de Emigración hai na actualidade 41.103 galegos/as residentes neste país. En Suíza polo tanto, os fillos e fillas de galegas poderían cursar lingua e cultura española no programa ALCE, tanto en primaria como en Secundaria, máis non poden cursar lingua e cultura galegas con ningún programa similar.

Entendemos que estamos ante un agravio evidente para coa emigración galega, polo que semella razoable que estas familias poidan acollerse a unha “Escola Galega”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que sexa impartida por profesorado galego, pública, gratuíta e de asistencia obrigatoria para acadar a titulación.

Un ensino que se imparta, como no caso do ALCE, cando menos un día á semana fóra do horario escolar e no que se combine ensino presencial con formación impartida a través dunha plataforma en liña como a Aula Internacional.

Dende o BNG consideramos que sendo a comunidade emigrante en moitos destes países maioritariamente galega, está a se lles negar un dereito como é o de coñecer e aprender a súa lingua propia e a súa cultura.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera xusto o goberno galego que os fillos e fillas de emigrantes galegas poidan cursar estudos oficiais de español co programa ALCE pero non teñan acceso a ningún programa similar en galego?

. Ten pensado o goberno galego crear un programa oficial de coñecemento e acreditación da lingua e cultura galega, homologábel ao ALCE, para alumnado galego residente en países referenciais da emigración galega?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2022 13:35:35

Daniel Castro García na data 28/04/2022 13:35:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/04/2022 13:35:48



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

O pasado 27 de abril de 2022, a Xunta de Galicia asinaba co Concello de Meis un protocolo para iniciar os trámites de construción do novo centro de saúde para esta vila que a Xunta tiña planificado no seu Plan de Infraestruturas de Atención Primaria.

Tal e como sinala a nota de prensa emitida pola Xunta, este protocolo dará cobertura ao goberno local para realizar os trámites de adquisición e de cualificación urbanística dunha parcela situada no núcleo de Mosteiro e a carón da avenida Médico Paz García, no entorno da denominada Casa de Parga.

Destaca tamén a Xunta que esta proposta foi aceptada tras ser “priorizada polo goberno local de Meis” e valorada positivamente polo persoal técnico do Sergas ao cumprir un requisito fundamental e xa solicitado pola Xunta ao concello desde a carta remitida polo conselleiro en novembro de 2021 trala aprobación do Plan de Infraestruturas: unha edificabilidade de 972 m2.

Dáse a circunstancia, non obstante, de que esa parcela “priorizada polo goberno local de Meis” non concorda coa que foi priorizada polo Pleno deste concello que, o día 25 de marzo de 2022 aprobou unha moción na que se instaba ao goberno local a “*Aprobar a proposta para que o novo Centro Médico se constrúa na Rochela, na parcela 32222 do polígono 321, no solar ubicado enfrente ao centro de saúde*” e a “*iniciar os trámites e negociacións co propietario do solar e coa Xunta de Galicia*”.

A proposta desta parcela foi apoiada pola maioría democrática do Pleno, os seis votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego e non obtivo ningún voto en contra, posto que os representantes do grupo socialista optaron por absterse.

Esta parcela cumpre sobradamente co requisito dunha edificabilidade de 972 m2 formulado como condición pola Xunta de Galicia. Sen embargo, o Partido Popular de Meis non ten constancia de que a alcaldesa chegase a trasladar á Xunta esta proposta a pesares de contar co apoio da maioría do Pleno da corporación, o que constituiría un desprezo á vontade popular expresada no mesmo.



Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

- 1.- Trasladou en algún momento o Concello de Meis á Xunta de Galicia información sobre a parcela 32222 do polígono 321, no lugar da Rochela para que fose avaliada polo seu persoal técnico, cumprindo así o mandato da moción aprobada o 25 de marzo no Pleno do Concello?
- 2.- De non ser así, ten influído esta omisión de información na sinatura do protocolo co Concello de Meis asinado o pasado 27 de abril?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/04/2022 14:05:28

María Corina Porro Martínez na data 28/04/2022 14:05:43

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/04/2022 14:05:57

José Alberto Pazos Couñago na data 28/04/2022 14:06:09

Noelia Pérez López na data 28/04/2022 14:06:21

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 28/04/2022 14:06:39

López Sánchez, Rosalía na data 28/04/2022 14:06:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a retirada das máscaras nos centros de ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o momento en que o Goberno do Estado eliminou a obrigatoriedade do uso das máscaras en espazos interiores, a comunidade educativa volveu denunciar as dificultades para xestionar esta nova realidade e a desaparición unha vez máis da Consellaría de Educación.

O goberno galego, lonxe de emitir directrices ou recomendacións claras e homoxéneas aos centros para se adaptaren a esta nova realidade, optou por se poñer unha vez máis de perfil, non enviar ningún tipo de recomendación e descargar nos equipos directivos calquera decisión sobre o uso das máscaras.

Esta nova deixación de funcións da Consellaría provocou, ademais de divisións entre claustros e familias, incongruencias entre centros que engadiron novas presións a unha comunidade educativa que está xa ao límite.

Ademais destes problemas, dende os centros de ensino, están a trasladar tamén que a retirada da máscara está a provocar problemas psicolóxicos en moitas alumnas e alumnos que levan dous anos acudindo a clase co rostro tapado e que teñen que se enfrontar a unha exposición que, sobre todo entre alumnado que se coñeceu e socializou sempre coa máscara, non resulta doada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que dende a consellaría compren solucións e directrices claras aos centros para abordar estas situacións, e por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que medidas ten pensado levar adiante o goberno galego para garantir unha retirada das máscaras nos centros de ensino de xeito ordenado e coherente?

. Vai o goberno galego elaborar un programa de axuda para o alumando que, tal e como denuncian dende os centros, está a ter dificultades para quitar a máscara e descubrir o seu rostro?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2022 16:07:31

Daniel Castro García na data 28/04/2022 16:07:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/04/2022 16:07:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a atender as demandas da asociación querEndo-mulleres con endometriose.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación querEndo-mulleres con endometriose, puxéronse de novo en contacto cos grupos parlamentares do Parlamento Galego para trasladarnos a súa preocupación porque as súas necesidades seguen sen ser atendidas a pesares de que o 22 de abril de 2015 a Comisión 5ª aprobaba por unanimidade, a partir dunha proposición non de lei presentada polo BNG, o acordo que a continuación se transcribe:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia e, en particular, a Consellería de Sanidade, a:

1. Difundir a Guía de coidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden a estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría, matronas e matrones...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.*

3. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinares nos hospitais públicos de Galicia.*

4. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.*

5. *Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.*

6. *Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose.”*

O 18 de marzo do ano 2021 tamén por unanimidade na Comisión 5ª aprobouse o seguinte acordo:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. *Crear as consultas específicas da endometriose en todas as áreas sanitarias (neste momento só existen na Coruña, Vigo e Ourense) e ampliar os tempos de atención nesas consultas.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. *Realizar as derivacións das endometrioses máis severas a unidades multidisciplinares alí onde non as haxa.*

3. *Levar a cabo campañas de divulgación da doenza.*

4. *Levar a cabo campañas de formación e actualización do persoal sanitario que está en contacto coas doentes (matronas, médicos de familia, enfermaría, xinecoloxía, anestesioloxía...)*

5. *Realizar atención diferenciada en fertilidade ás doentes de endometriose; no inmediato activar as consultas e tratamentos de reprodución, e dotalas de máis recursos, xa que o tempo corre en contra das mulleres que están nesas eternas listaxes de agarda.*

6. *Activar a actividade sanitaria tanto en Atención Primaria, consultas e cirurxías hospitalarias para garantir a atención necesaria para as mulleres que padecen endometriose.*

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en demandade inclusión dos tratamentos para a endometriose entre os financiados pola Seguridade Social.”

Malia o tempo transcorrido, sete anos do primeiro acordo e un do segundo, temos que lamentar os mornos pasos dados pola Xunta de Galiza, tras aprobar o Parlamento acordos unánimes, que non teña feito ningún esforzo por priorizar medidas para facer fronte a unha doenza que afecta a entre o 10 e o 20% das mulleres en idade fértil, polo tanto a arredor de 60 mil galegas, 9.000 nos estadios máis graves. A pesares deste importantísimo número de mulleres que sofren dor, incapacidade, infertilidade, incompreensión...





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que ten feito a Xunta de Galiza para efectivizar as medidas contempladas nos acordos acadados por unanimidade da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego nas sesións celebradas o 22 de abril de 2015 e o 18 de marzo de 2021 para a loita contra a endometriose relacionados na parte expositiva?

. Cal é a razón de que a Consellaría de Sanidade non teña posto en marcha todas as actuacións referidas á endometriose, aprobadas por unanimidade no Parlamento Galego?

. Coida que as mulleres que en Galiza padecen endometriose están ben atendidas da súa doenza?

. Parécelle razoábel que teñan que transcorrer anos para que sexan diagnosticadas?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 28/04/2022 16:33:01

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2022 16:33:05

María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2022 16:33:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a desaparición da materia “Igualdade de xénero” na oferta educativa galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No curso 2016-2017, despois de moito tempo de traballo e a iniciativa de diversos colectivos feministas e implicados na igualdade entre homes e mulleres, a Xunta ofertou como optativa de libre configuración autonómica a materia “Igualdade de Xénero”

Naquel entón a Xunta referíase a mesma como ”unha ferramenta educativa máis coa que se busca concienciar á xuventude sobre a importancia da igualdade nas relacións persoais e sociais e, desta forma, evitar condutas de violencia”

Tratábase dunha materia dirixida a alumnado de 1º e 2º da ESO que tiña adxudicada unha hora semanal para abordar contidos como a afectividade, a historia da discriminación das mulleres ou a violencia machista como consecuencia desta discriminación.

O pasado 21 de abril a Consellaría de educación fixo pública unha presentación cun avance da estrutura dos currículos educativos en Galiza. Mais para asombro dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivos implicados no impulso desta materia, a optativa de libre configuración autonómica “Igualdade de xénero” desaparecera da oferta educativa galega.

Dende o BNG entendemos que esta medida da Xunta é un novo paso atrás na defensa da igualdade e do feminismo, polo que formulamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que o goberno galego suprimiu a materia optativa de libre configuración autonómica “Igualdade de Xénero” da súa oferta educativa?
2. Vai o goberno galego ofertar como o optativa de libre configuración autonómica en 1º e 2º da ESO a materia “Igualdade de Xénero”?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2022 17:05:56

Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2022 17:06:00

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2022 17:06:06

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/04/2022 17:06:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o anuncio de execución dunha pasarela que atravesará a Ría do Burgo entre os concellos da Coruña e Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos deste mes de abril, a Consello da Xunta fixo pública, a través dos medios de comunicación, a execución dunha pasarela entre os concellos da Coruña e de Oleiros que atravesará a Ría do Burgo.

Esta pasarela peonil e ciclista conectaría a localidade de Santa Cristina (Oleiros) coas Xubias e Oza (A Coruña).

Segundo o goberno da Xunta, este proxecto conta cun informe elaborado por unha consultora privada para a Axencia Galega de Infraestruturas que avala a viabilidade e idoneidade da pasarela, é conforme cos PXOM dos concellos da Coruña e de Oleiros, non presenta afectación ambiental e suporá un importante impulso a favor da mobilidade sostíbel nestas contornas urbanas que implicaría a redución do tráfico rodado na Ponte da Pasaxe entre un 6% e un 9%.

As reaccións a este anuncio foron inmediatas.

Por unha banda, os gobernos dos concellos da Coruña e Oleiros manifestaron o seu descoñecemento dun proxecto de grande relevancia e afectación como este.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola outra, voces de diferentes profesionais do planeamento urbanístico, entidades naturalistas e colectivos de mobilidade manifestaron, nas últimas semanas, a súa disconformidade coa ubicación da pasarela polo grave impacto ambiental ao afectar o cordón dunar e a alteración da forma natural da praia, alterando á súa vez as dinámicas dos fondos mariños e praias somerxidas da ría, producindo moito impacto paisaxístico, precisando do estudo de máis alternativas, ben seguro opcións moito máis favorábeis como por exemplo crear unha pasarela en paralelo á Ponte da Pasaxe pola parte inferior.

O propio Estudo de Impacto Ambiental previo ás obras de dragaxe da Ría do Burgo, actualmente en curso, recollía que na duna da praia de Santa Cristina onde asentaría a pasarela se encontra unha planta en perigo de extinción, a Linaria Polygafolia, para a que se estableceron mecanismos de control e protección durante as obras.

Os terreos afectados pola pasarela son de titularidade estatal, polo que requirirían o informe favorábel da Demarcación de Costas, que polo de agora parece non existir e que a Xunta anuncia poder evitar, ao abeiro da Lei de medidas de acompañamento dos orzamentos de 2022, amparándose no carácter supramunicipal deste proxecto.

Ao mesmo tempo, a ubicación dos terreos confirman que tamén se debería contar con informe favorábel da ADIF e da DG de Aviación Civil (Secretaría de transportes) ao atoparse nas servidumes de infraestruturas dependentes do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que criterios está a seguir a Xunta a respecto da mobilidade sustentábel entre a Coruña e Oleiros a través da Ría do Burgo?

- Por que a Xunta non ten presentado e consensuado cos concellos afectados, A Coruña e Oleiros, o proxecto de execución da pasarela de comunicación sobre a Ría do Burgo?

- Vai prescindir a Xunta de solicitar informes áos organismos estatais, Demarcación de Costas, DG de Aviación Civil ou ADIF, por atopárense estes terreos nas súas áreas de afección?

- Iniciou a Xunta a Avaliación de Impacto Ambiental deste proxecto?

- Entende o goberno que unha obra, cualificada por este como prioritaria e cun investimento, a priori, de 8 millóns de euros, pode ser executada sen información e consenso interadministrativo e social?

- Está a valorar a Xunta outras alternativas de mobilidade para esta contorna da comarca da Coruña?

- Está a aterse a Xunta ao código de conduta do Consello de Europa para a xestión de zonas costeiras recollido na Guía da Xunta de Galiza de Boas Prácticas de intervención en sistemas PRAIA-DUNA?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2022 17:14:28

Paulo Ríos Santomé na data 28/04/2022 17:14:32

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2022 17:14:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido a situación marisqueira da ría de Ferrol é de colapso produtivo total, con unha produción de ameixa babosa no 6% do que era hai 20 anos. Unha situación que ven provocando a expulsión das persoas que traballan no sector.

Actualmente existe outro grave problema para o sector marisqueiro da nosa comarca, nomeadamente para a produción do percebe, e polo tanto para as persoas que na actualidade viven deste produto, unhas 100 persoas da confraría de Ferrol que traballan na zona que vai desde o Porto exterior de Ferrol no cabo Prior até o Faro de Meirás.

O risco para este sector trae a súa causa directamente da posición da Xunta de Galiza respecto do que se coñece como o “conflito da mexilla”, un conflito que malia reproducirse ano tras ano a Xunta non só non soluciona senón que por causa das súas últimas decisións ampliou o seu alcance territorial e social.

Este conflito entre dous sectores produtivos de grande importancia na Galiza prodúcese por coincidir a extracción da semente de mexillón para o seu posterior cría e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

engorde nas bateas, coa captura ou extracción do percebe nas mesmas zonas rochosas da costa galega.

As dúas son actividades de forte implantación no noso país, actividades de carácter tradicional e grande impacto económico, polo que chama a atención que poda vir repetíndose ano tras ano sen ter atopado unha solución.

Certo que historicamente os conflitos máis graves producíronse nas zonas xeograficamente máis vinculadas á produción de mexillón, mais, como dicíamos, as últimas decisións da Xunta teñen provocado que este conflito chegara a comarcas como a de Ferrol.

O feito de estar a Xunta “detrás do conflito”, ou ser causante directa por acción mais tamén por omisión queda patente por varias razóns.

A primeira que historicamente a actividade de extracción de semente para mexillón que realiza o sector con base en Lorbé, na ría de Betanzos próxima ás zonas de explotación de percebe da confraría de Ferrol, non ten provocado problemas cos percebeiros de Ferrol, xa que o coñecemento mutuo de moito tempo, o volume de actividade e as zonas elixidas para realizala, eran inocuas ou tolerábeis para o sector percebeiro de Ferrol.

A segunda que a zonificación realizada pola Xunta para a extracción de mexilla está territorialmente tan descompensada que desde a Torre de Hércules até o cabo Ortegal é zona aberta para esta actividade, provocando a chegada dunha cantidade persoas para realizar esta extracción nunca vista antes a zona e aparentemente sen control ningún, e que segundo nos informan representantes do sector está a poñer en risco a produción presente e futura do percebe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a terceira é a evidente falta de previsión da Xunta de Galiza que malia a relevancia económica da produción de mexillón, a dependencia do sector da capacidade de captura de semente no entorno natural, e ao antiga e coñecida desta problemática, nunca impulsou métodos alternativos que garantan a viabilidade e seguridade da produción mexilloeira ou a súa compatibilidade con outras de tanta importancia como é, por exemplo, a do percebe.

A desconexión da Consellaría do Mar respecto dos actores deste conflito é tal que a representación do sector bateiro ven de comunicar publicamente que rexeita reunirse coa Conselleira, mentres que o sector percebeiro, por exemplo na comarca de Ferrol, manifesta sentirse absolutamente desprotexido

Unha política de deixar facer, vestida hipocritamente de respecto pola autorregulación, escusándose na dificultade de conseguir consensos, que chegou ao extremo de pedir responsabilidade aos sectores en conflito cando é a propia Xunta a que destaca pola súa renuncia a asumir a súa responsabilidade como goberno con competencias plenas que é.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que a Xunta de Galiza non conta con alternativas para a produción de semente de mexillón á súa captura no medio natural? Non considera a fragilidade cada vez máis evidente do medio ambiente un risco grave para un sector da importante para a economía galega?

. Por que a Xunta de Galiza non controla o xeito no que se realiza a extracción de mexilla? Que medidas deben cumprirse na realización desta actividade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta de Galiza non protexe a produción de percebe? Que medidas está a tomar a Xunta de Galiza para garantir o futuro deste sector?

. Como explica a Xunta de Galiza que na súa zonificación non exista desde a Torre de Hércules até o cabo Ortegal ningunha zona reservada para a explotación do percebe?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/04/2022 17:54:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/04/2022 17:54:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a destrución da construción derrubada nas obras do centro de día do concello de Outeiro de Rei e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na vila de Outeiro de Rei, concretamente fronte ao coñecido como Pazo dos Gaioso ou Casa Grande de Outeiro, existía unha construción que posuía unha porta de acceso que cadraba abocada ao Camiño Real ou Rúa do Pazo.

A citada porta, que estaba enmarcada con pedras labradas de cantería, puidera ter unha antigüidade que a presentara como un elemento histórico patrimonial relevante que gozara de protección legal.

Así mesmo, nas respectivas pezas que soportaban o lintel, por ambos lados, podía apreciarse esculpida a que semella unha cara humana, en cada unha delas, cuestións que apuntan a posibilidade de que esta porta puidera ser de época medieval.

Esta construción, así como a porta, era propiedade do Concello de Outeiro de Rei, por ter mercado esta edificación xa hai un tempo para a construción nas inmediación dun Centro de día.

As obras para a construción deste centro de día están a levarse a cabo dende hai meses. A referida construción foi derrubada totalmente, sen preservar a porta que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

formaba parte da súa estrutura. Varias pezas de cantería que formaban parte da mesma poden verse amoreadas na parcela onde estivo a construción, depositadas de modo aleatorio, podendo identificarse entre elas o lintel que estaba sustentado polas dúas pezas que presentaban os relevos en forma de caras, descoñecéndose se aínda están todas as pezas ou se desapareceron ou se destruíron algunhas delas.

Por parte do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego o seu portavoz, Xosé Ferreiro, presentou unha denuncia o 18 de abril de 2022 diante da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza poñendo en coñecemento da administración o acontecido e instando o goberno a actuar.

Cómpre lembrar que no proxecto da obra consta que se conservará todo o de valor patrimonial que había na parcela, mesmo o cerrume de chantas, e no plano final aparece integrada a devandita porta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedora a Xunta de Galiza do acontecido nas devanditas obras?
- Ten catalogado ou inventariado a devandita porta?
- Que valor patrimonial posuía?
- Que medidas levou a cabo o Goberno galego a respecto do relatado na exposición de motivos?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2022 18:20:43

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2022 18:20:46





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 30754**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"os contratos de arredamento de inmóbeis subscritos pola Xunta de Galicia na cidade de Ourense para albergar dependencias administrativas"**, (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"CONTRATOS DE ALUGUER VIXENTES EN CADA ANO E DESTINADOS A DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS NA CIDADE DE OURENSE (1999-2021)

1999	18
2000	18
2001	18
2002	19
2003	20
2004	19
2005	20
2006	20
2007	18
2008	20
2009	18
2010	19
2011	16
2012	15
2013	12
2014	12
2015	11
2016	9
2017	8
2018	7
2019	7
2020	6
2021	6





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34019
Data envío: 22/04/2022 14:05:48.205



Xacobeo 21-22

LISTADO DOS ARRENDADORES DA XUNTA DE GALICIA NOS ALUGUEIROS EN OURENSE NO PERÍODO 1999-2021

B.B.V.A., S.A.

C.B. de Antonio Vázquez Méndez e hijos

CAIXANOVA

Calviño Rodríguez Dolores

Calvo Cid María Luisa

Cámara de la Propiedad Urbana de Ourense.

Caramés Pato Amadeo

Colmenero Fernández Olivia

Fernández Fernández Benigno

Fernández Lamas Manuel

Promociones de Alojamientos Orensanos, S.A.

Puga Suárez José

Rúa Martínez, José e González Fontelo, Milagros

Seoane Rodríguez Manuel





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34019
Data envío: 22/04/2022 14:05:48.205



Xacobeo 21-22

Sierra Crestelo Delia

Taboada Casal Ángel

Lamas Delgado María Luisa Milagros

Inversiones Orsa, S L

GROIZARD, S.L.

González Doporto Rosa

Modesto Prada Empresa Constructora, S.L.

Vázquez Álvarez José Manuel

Herederos de Genoveva Rodríguez C. B.

Castro Galicia, S.A.

Cooperativas Orensanas, Sociedad Cooperativa Galega (COREN)

Del Río González José

Parking Paseo, S.A.

Vázquez Rodríguez Luis Antonio

Diócese de Ourense

Del Río Garriga, Ana Isabel





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34019
Data envío: 22/04/2022 14:05:48.205



Xacobeo 21-22

Del Río Garriga, María José

Miguelnaxo, SL.

EN RELACIÓN AOS IMPORTES MENSUAIS ABOADOS POR CADA UN DOS CONTRATOS DE ARRENDAMENTOS, ACHÉGASE O SEGUINTE ENLACE:

<http://descargas-xuntarquivos.xunta.es/1556afb6-e572-40ac-acea-7fc5240469831650614296928>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34019
Data envío: 22/04/2022 14:05:48.205

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/04/2022 14:05:37

CSV: BOPGDSPG-ig6p6GdNw-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

